

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 26 DE MARZO DE 2021**

Ás 10.00 horas do día 26 de marzo de 2021, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: [\[enlace\]](#)) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. José Manuel Baltar Blanco

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérez Pérez

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

### **Deputados de Democracia Ourensana:**

D. Armando Ojea Bouzo

D. José Miguel Caride Domínguez

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

Previamente ao tratamento dos puntos integrantes da orde do día, o secretario xeral intervén para acreditar a existencia de quórum para a realización da sesión, e con respecto ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 46.3 da LRBRL, dá por acreditada a identidade dos presentes coa súa imaxe no sistema, e manifesta que, salvo que ningún deputado ou deputada indique neste intre o contrario, entende que todos se atopan en territorio español, tal e como se pode comprobar igualmente a través da i.p. dos diferentes equipos.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver videoacta](#)

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2021.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondentes á ordinaria do 26 de febreiro de 2021. Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do 26 de febreiro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

### **2º. MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS DO INORDE N.º 1/2021.**

A Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Toma a palabra para manifestar o seu voto favorable, ao entender que o traballo da CEO, que é entidade beneficiaria da subvención, é moi relevante para a nosa provincia.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que a posición do seu grupo é crítica respecto a este tipo de axudas a entidades, entendendo que estas deben ser para finalidades concretas, máis alá da súa opinión sobre o papel que debe ter o INORDE. Por esa razón sinala que o seu voto vai a ser a abstención.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Manifesta que o seu grupo tamén se vai a abster na votación deste punto, xa que respectan a actividade empresarial, pero entende que a subvención pública debería ter unha finalidade concreta e detallada.
- 1ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que a súa intervención non se vai centrar nesta subvención en concreto, senón na figura do INORDE. Unha vez máis o seu grupo quere deixar constancia da súa vontade de que se disolva este organismo, a todas luces ineficaz. Contando cun orzamento de case dous millóns de euros, é incomprendible que dedique a maior porcentaxe do seu orzamento a gastos correntes e de funcionamento, e non a investimentos. Solicitan que se realice un estudo serio e rigoroso sobre o mantemento deste organismo, lembrando que entidades provinciais como o hipódromo de Antela ou Urbaourense tiveron que ser disoltas por motivos similares. Engade por último que o seu voto vai ser en contra.
- 1ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Comeza criticando as intervencións do BNG e do Grupo Socialista, que se apartan da orde do día, que se trata dunha modificación do orzamento no relativo só á finalidade dunha subvención á CEO. Matiza que esta modificación se realiza a instancia da Presidencia desta entidade, e que en todo caso deberá xustificar a súa finalidade. Lembra a importancia deste organismo na execución de proxectos europeos, destacando o seu labor e capacidade no desenvolvemento da provincia. Engade que o INORDE se autofinancia, lembrando as numerosísimas análises que realiza por exemplo o laboratorio agrogandeiro de Xinzo de Limia, ou o traballo que realiza na protección de razas autóctonas. Por último, dirixíndose ao Grupo Socialista, lembra que para mercadear á hora de facer unha moción de censura parece que o INORDE si que serve.
- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Agora toma a palabra para felicitar publicamente a Emma González, nova xerente do INORDE, desexándolle moita sorte no seu traballo como xestora deste organismo. Engade que é curioso que o grupo socialista queira suprimir o INORDE, pero cando lle realizaron a proposta para a moción de censura non se falaba de supresión, senón de postos neste organismo.
- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta intervención lémbrolla ao voceiro do Grupo Popular que el mesmo se trabucara no número de proxectos europeos que tramita o INORDE, polo que non entende a súa recriminación. Engade que este organismo ten un problema

estrutural, e que o 90 % dos seus fondos proceden da propia Deputación, e que debe ter outra dinámica e outro funcionamento. Aproveita para agradecer a chamada da nova xerente e indica que se amosou moi receptiva a novas actuacións. Por último reitera que o obxecto da subvención é moi xenérica e que debera centrarse en actividades ou proxectos máis concretos.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Reitera o sentido do seu voto, que vai ser a abstención. Aproveita igualmente para desexarlle moita sorte á nova xerente do INORDE.

- 2ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): Indica que o Grupo Socialista se suma tamén á felicitación á nova xerente, desexando que se traduza nun cambio de rumbo e do modo de xestionar este organismo.

- 2ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Nesta última intervención volve insistir en que precisamente con esta modificación do orzamento do INORDE se concreta o obxecto desta subvención e pide coherencia a todos os grupos con respecto a este organismo. Por último sinala que agora mesmo o INORDE ten lista de agarda de estudantes universitarios desexando facer prácticas neste organismo, non só do campus de Ourense, senón tamén doutros campus de Galicia.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e da deputada non adscrita (1), o voto en contra do Grupo Socialista (9) e a abstención de DO (2) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución dos orzamentos do INORDE n.º 1/2021, para modificación da base quinta das de execución do orzamento, no relativo á finalidade de subvención nominativa, conforme co cadro seguinte:

<b>Beneficiario</b>	<b>Nova finalidade</b>	<b>Importe €</b>
Confederación Empresarial de Ourense (CEO)	Desenvolvemento de accións empresariais, proxectos e gastos de funcionamento 2020-2021	75.000,00
<b>Total</b>		<b>75.000,00</b>

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

### **3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO E CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2021, N.º 3/2021.-**

A Sra. interventora expón o contido do ditame da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza a súa intervención manifestando o seu voto favorable a esta proposta da Presidencia. Sinala que se trata de subvencións nominativas para setenta e seis concellos, logo da presentación previa dos respectivos proxectos polos respectivos alcaldes ou alcaldesas. Engade que se inclúe un millón e medio de euros para o centro de innovación de FP, axudas á hostalaría e autónomos e o bono turístico en colaboración coa Xunta de Galicia, e diversas axudas para mancomunidades de concellos, clubs e federacións deportivas, asociacións, e outras entidades de diversos concellos e con obxectos moi diversos, polo que conclúe indicando que non é posible atopar un só motivo para votar en contra desta proposta, e máis aínda en tempos de pandemia como no que nos atopamos.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Toma a palabra para sinalar que esta cuestión se trata dun debate de fondo, e non se trata de discutir cada unha das axudas, senón que para o BNG se trata de mudar a forma de dar estas axudas, xa que estas se deberan producir desde un plan único, ou desde un reforzo dos plans provincias existentes con liñas máis amplas de actuación, con criterios coñecidos e obxectivos, que lles permitan aos gobernos municipais coñecer a cantidade a percibir para poder planificar as súas políticas. Engade que a raíz do problema é que mediante uns criterios claros e obxectivos todos os concellos poderían ter clara a súa asignación, e non depender esta da discrecionalidade do grupo de goberno. Engade, facendo outra reflexión, que non semella normal que a Deputación teña unha modificación de créditos que supón case a metade do importe do seu orzamento. Como proposta sinala que podería haber unha partida para proxectos de carácter estratéxico que podería discrecionalmente decidir a Presidencia, pero que a maior parte das subvencións a concellos deberan repartirse mediante criterios obxectivos e transparentes. Engade que o seu voto, polo manifestado vai ser en contra, pedindo que se asuma a súa petición para poder mudar o sentido do seu voto cara unha abstención ou incluso voto favorable.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza sinalando que ao ver esta proposta lle veu á cabeza a reflexión de “chegar primeiro ao burato e deixar o rabo fora”. O goberno desta Deputación sempre presume de ser a primeira en aprobar o seu orzamento, pero que xa a principios

de ano ten que facer unha modificación do orzamento de gran calado, tanto cuantitativa como cualitativamente. Sobre as subvencións previstas na modificación, sinala que é moi doado apoialas individualmente consideradas, pero o que hai que analizar é as que se quedan precisamente sen a subvención, porque se trata de xestionar un orzamento e de priorizar. Efectivamente hai setenta e seis concellos que reciben achegas, e que o considera máis participativo que o propio orzamento provincial, manifestando que o seu grupo se vai abster na votación desta proposta da Presidencia.

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención sinalando que se trata dun debate de fondo xa moi repetido nesta institución, pero que estamos nunha situación moi complicada, e que aínda se acentúa máis o reparto discrecional da Presidencia, e que todos os concellos da provincia, xa sexa Maside, Vilariño de Conso ou Melón, teñen o mesmo dereito a recibir fondos. Indica que unha cousa é que os gobernos deben ter a capacidades de xestionar os fondos públicos, e máis ante situacións sobrevidas ou de emerxencia, pero outra ben distinta é que pase como nesta institución, onde hai unha trama e o reparto se produce entre quen son afíns e quen non o son, ou quen pode dar unha rendibilidade política ou quen non. Sinala que é indecente e inmoral que na comarca do Ribeiro exista un concello que reciba 336 € por habitante como é Cortegada e a capital da comarca que é Ribadavia reciba 0 €. Engade que o debate é de formas e de fondo, e que trata de repartir fondos de forma equitativa, e que isto non se fai nesta Deputación. Ademais a situación se vai agravando cada ano máis, xa que o importe das modificacións é cada vez maior e o reparto segue a ser igual de discrecional. Como exemplo pon ao Concello da Rúa que sae enormemente beneficiado, ou porqué o consello regulador do Ribeiro ten subvención e o de Valdeorras non a ten, ou porqué se reduce a subvención a favor da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. A continuación lembra como o Grupo Popular o mes pasado votou en contra dunha moción do Grupo Socialista para duplicar o importe do programa provincial de empregabilidade e que agora sae con esta proposta totalmente discrecional. Engade que se dividimos o importe da modificación orzamentaria entre os 91 concellos sen ningún outro criterio lle tocarían 219.000,00 € a cada concello. Por último preguntalle ao voceiro do Grupo Popular se os concellos que reciben 0 euros non teñen dereito a preparar os seus proxectos ou a recibir algún tipo de achega.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza a súa intervención destacando as características desta modificación orzamentaria, entre elas, o importante remanente de tesourería que a permite, de case corenta e catro millóns de euros, e débeda cero. Esta modificación pon o seu énfase na recuperación económica e social, pola resiliencia e pola cooperación atendendo ás necesidades dos concellos. Ademais, intentouse acelerar esta modificación, para que todos os

beneficiarios poidan facer uso das súas achegas canto antes. Do importe total da modificación dedícase a maior parte (46,7 % do total) a concellos e mancomunidades, para infraestruturas básicas, deportivas, de eficiencia enerxética e outras. Igualmente destaca as partidas para acción social, para fomento do deporte ou para a cultura, así como a colaboración con asociacións empresariais, para o fomento do turismo e para o termalismo (plan de sustentabilidade termal). A colaboración institucional co goberno galego está moi presente nesta modificación, coa partida para o centro de innovación da FP ou a achega do 1% do orzamento provincial para as axudas á hostalería, a achega para o bono turístico, para os GES ou para os plans de emerxencia pola seca. Conclúe que esta é a proposta do grupo do goberno, e que chega no momento xusto.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza a súa intervención preguntándolle ao voceiro do grupo de DO cal é a intención do seu discurso, lembrando que ela non forma parte do grupo de goberno, cando el votou a favor de propostas similares cando estaba no goberno provincial. Sobre o voto en contra do Grupo Socialista di que non o entende e que é moi incoherente a súa maneira de actuar, xa que por un lado presentan proxectos, e por outro, nos seus propios concellos, dan subvencións nominativas sen rubor ningún. Lembra que o goberno socialista de Madrid ven de adxudicar a dedo un importe total de 3.236 millóns de euros en compra de material sanitario, e vostedes veñen votar en contra de proxectos solicitados polos seus propios alcaldes ou alcaldesas.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta quenda indica que a postura do grupo do BNG é moi clara, e reitera que moitas das axudas poden ser correctas, pero que o debate é de fondo, de distribución obxectiva, equilibrada e con criterios claros, e que ese é o camiño que desde a posición do seu grupo se vai defender con toda capacidade de diálogo posible. Lembra que cos fondos Next Generation se vai abrir unha nova oportunidade agardando que o reparto dos fondos sexa xusto e equitativo.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza dirixíndose á deputada Montserrat Lama para precisarlle que a súa crítica é política e sobre a súa postura política e polos seus argumentos e falaces, pero nunca polo persoal. Sinala que el non soporta a demagogia e as falacias, e que ante elas non pode quedar calado. O discurso da deputada non adscrita só se entende se os recursos fosen infinitos, pero son limitados, e trátase de xestionar e de priorizar. Engade que se vai abster porque entende que tamén hai algún elemento positivo, e cree que o reparto é máis obxectivo que en anteriores expedientes similares.

- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza lembrando como o Partido Popular criticou ata a saciedade o famoso Plan E do goberno socialista, pero todos os concellos

deste partido empregaron os seus fondos e non renunciaron a eles. Engade que o modelo de xestión debe ser o plan único que funciona nas outras deputacións galegas, moito máis obxectivo e xusto, e con independencia da cor política do goberno de municipal respectivo, e que non pode ser unha boa xestión o que sucede nesta Deputación, onde se reparten a dedo. Así pon como exemplo o Plan de cooperación coa Consellería de Medio Rural, onde os dez concellos seleccionados son do Partido Popular. Sinala que a recuperación económica e social ten que ser para todos os veciños e veciñas da provincia por igual, e nesta modificación unha parte saen discriminados, só polo feito de ter elixido a alcaldes ou alcaldesas doutra cor política, o que é indecente e ata case delituoso. Remata dicindo que seguiran a loitar por un plan único e por un reparto xusto, o cal se realizará cando exista un presidente ou presidenta socialista.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza sinalando que o grupo de goberno valora positivamente o voto favorable da deputada non adscrita e incluso a abstención do grupo de DO, indicando que o voto do Grupo Socialista e do BNG era previsible. Sinala que cada goberno provincial exerce as súas responsabilidades como lexitimamente entende, e que eles non comparten o modelo de plan único, polas peculiaridades da nosa provincia. Non se trata só de repartir cartos, senón de escoitar, valorar, priorizar e decidir. Lembra moitas das competencias que por delegación dos concellos exerce esta Deputación, a diferenza das outras deputacións galegas, lembrando que se trata de cumprir ademais o plan de mandato deste grupo de goberno. Por último indica que lle sorprende que moitos deputados e deputadas socialistas vaian votar en contra de axudas aos seus propios concellos, e pregúntalle ao Grupo Socialista con que concellos se asinan os convenios pola CH do Miño-Sil, para que obras e por que importes.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e da deputada non adscrita (1), o voto en contra do Grupo Socialista (9) e do BNG (1) e a abstención de DO (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación de créditos n.º 3/2021 do expediente e das bases de execución do orzamento, co seguinte detalle:

### **GASTOS DE INVESTIMENTOS**

#### **SUPLEMENTOS DE CRÉDITO**

<b>APLICACIÓN</b>	<b>EXPRESION</b>	<b>IMPORTE €</b>
-------------------	------------------	------------------

324.11/750.00	Centro Galego de innovación da FP. A Xunta de Galicia	1.500.000,00 €
920.11/632.00	Pazo Provincial. Edificios e outras construcións	220.000,00 €
171.11/622.00	Parques, xardíns e zonas verdes. Edificios e outras construcións.	282.000,00 €
453.11/619.03	Vías Provinciais. Reparación vías provinciais	750.000,00 €
453.11/619.01	Vías Provinciais. Plano base cooperación	1.500.000,00 €
453.12/622.00	Parque móbil e maquinaria. Edificios e outras construcións	136.125,00 €
336.11/789.01	Protección e xestión do patrimonio histórico artístico. Diocese de Ourense	18.590,44 €
231.11/789.00	Acción social. Outras transferencias	378.000,00 €
453.11/619.03	Vías provincias. Reparación vías provinciais	155.648,22 €
450.12/762.01	Cooperación Provincial. A Concellos subv. Convenios	8.575.403,97 €
<b>TOTAL SC. Gastos de investimentos</b>		<b>13.515.767,63 €</b>

## CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
414.11/762.00	Medio Rural. A Concellos	450.00,00 €
450.12/763.00	Cooperación Provincial. A Mancomunidades	57.000,00
414.11/850.00	Adquisición acción de TRAGSA	8.000,00 €
334.20/789.00	Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias	209.472,00 €
334.22/625.00	Museos. Mobiliario	48.000,00 €
334.22/632.00	Museos. Edificios e outras construcións	70.000,00 €
313.31/627.03	Termalismo. Plan de sostibilidade turística termal	169.005,00 €
920.15/627.00	Arquivo. Proxectos complexos	50.000,00 €

341.11/627.00	Promoción e fomento do deporte. Proxectos complexos	572.000,00 €
<b>TOTAL C.E. Gastos de investimentos</b>		<b>1.633.477,00 €</b>

## **GASTOS CORRENTES**

### **SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.**

<b>APLICACIÓN</b>	<b>EXPRESIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
171.11/227.30	Parques, xardíns e zonas verdes. Servizos de mantemento	55.000,00 €
912.11/226.02	Corporación Provincial. Información e publicidade	267.000,00 €
334.19/226.02	Teatro Principal. Información e publicidade	19.000,00 €
453.11/227.06	Vías provinciais. Estudos e traballos técnicos	250.000,00 €
920.11/227.00	Pazo Provincial. Limpeza e aseo	37.676,64 €
334.18/227.00	Centro Cultural Marcos Valcárcel. Limpeza e aseo	13.884,96 €
453.12/227.00	Parque Maquinaria. Limpeza e aseo.	30.034,04 €
453.12/222.99	Parque Maquinaria. Outros gastos comunicacións	70.000,00 €
341.11/482.11	Fomento do Deporte. Asoc. Deport. Cultural Ribeiro	6.000,00 €
450.12/462.00	Cooperación Provincial. A Concellos	589.365,99 €
450.12/463.00	Cooperación Provincial. A Mancomunidades	138.000,00 €
134.11/462.00	Protección e defensa civil. A Concellos. GES	224.000,00 €
341.11/482.00	Promoción e fomento do deporte. Axudas a Deportistas	133.000,00 €
334.20/226.09	Actividades culturais e recreativas. Actividades culturais	548.880,00 €
334.20/489.22	Actividades culturais e recreativos. Outros transferencias. Fundación Vicente Risco	4.500,00 €
334.20/489.00	Actividades culturais e recreativos. Outros transferencias.	307.000,00

231.11/489.00	Acción social. Outras transferencias	100.000,00 €
334.20/489.21	Actividades culturais e recreativos. Outros transferencias. Fundación Carlos Velo	145.000,00 €
231.11/450.00	Axudas hostalaría - axudas autónomos	790.000,00 €
231.11/450.00	Bono turístico	150.000,00 €
912.11/226.08	Corporación Provincial. Actividades deportivas	30.000,00 €
912.11/226.01	Corporación Provincial. Atencións protocolarias e representativas	35.030,00 €
912.11/226.09	Corporación Provincial. Actividades culturais	50.000,00 €
326.11/227.06	Universidade de Vigo. Traballos realizados por outras empresas e profesionais	16.890,00 €
313.31/227.06	Termalismo. Estudosa e traballos técnicos	15.000,00 €
161.11/ 227.06	Augas e medio ambiente. Estudos e traballos técnicos	30.000,00 €
920.14/227.30	Administración electrónica. Mantemento	115.000,00 €
<b>TOTAL S.C. Gastos correntes</b>		<b>4.170.261,63 €</b>
<b>APLICACIÓN</b>	<b>EXPRESIÓN</b>	<b>IMPORTE €</b>
162.01/226.02	Cooperación xestión lixo. Información e publicidade	90.000,00 €
336.11/227.00	Patrimonio Histórico- Artístico. Limpeza e aseo	9.839,06 €
231.11/207.00	Acción social. Prestación servicios	100.000,00 €
414.11/462.00	Medio Rural. A Concellos	52.500,00 €
431.41/479.01	Promoción comercial. Outras subvencións a consellos reguladores e outros.	195.000,00 €
326.13/489.00	Centros docentes de ensinanza secundaria. Outras transferencias	25.000,00 €
432.11/467.01	Promoción de turismo. Consorcio turismo Ribeira Sacra	52.879,75 €
433.00/489.00	Desenvolvemento empresarial. Outras transferencias	304.560,00 €

**CRÉDITO EXTRAORDINARIO.**

431.11/489.03	Feiras e exposicións. A Expourense	65.000,00 €
341.11/479.00	Promoción e fomento do deporte. Outras subvencións a entidades privadas	60.000,00 €
912.11/479.05	Corporación provincial. Outras subvencións La Región	200.000,00 €
334.20/479.00	Actividades culturais e recreativas. Outras transferencias a entidades privadas	17.000,00 €
433.00/489.00	Desenvolvemento empresarial. Outras transferencias	60.000,00 €
433.00/489.18	Desenvolvemento empresarial. Outras transferencias para apoio ao empresariado	125.000,00 €
231.11/479.05	Acción social. Subvencións autónomos covid-19.	600,00 €
<b>TOTAL C.E. Gastos correntes</b>		<b>1.357.378,81 €</b>

## RESUMO

Suma	suplementos	de	crédito	17.686.029,26 €
.....				
Suma	créditos		extraordinarios	2.990.855,81 €
.....				
<b>TOTAL MC 3/2021</b>				<b>20.676.885,07 €</b>

## RECURSOS UTILIZADOS

<b>Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais</b>	<b>20.676.885,07 €</b>
--	------------------------

2.- Na bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense **procede concretar o capítulo IV e VII de gastos** que se ven modificados neste expediente, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilita crédito nesta modificación orzamentaria:

**Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.00 “Cooperación Provincial. A Concellos”**

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
A Gudiña	Punto de atención ao maior	100.000,00 €
A Rúa	Oficina de turismo comarcal	20.000,00 €
A Rúa	Actividades y Gastos de funcionamento da Escola de gaitas	16.919,00 €
Baltar	Plan cultural	50.000,00 €
Castrelo de Miño	Actuacións mediambientais rozas e outros	20.000,00 €
Castrelo de Miño	Plan Estratexia de desenvolvemento sustentable	18.148,79 €
Cortegada	Documental camiño Miñoto-Ribeiro	15.000,00 €
Lobios	Estratexia de desenvolvemento sustentable	18.000,00 €
O Irixo	Promoción agroalimentaria "Marca Irixo"	12.000,00 €
Padrenda	Traballos medioambientais	40.000,00 €
Pereiro de Aguiar	Proxecto cultural Benchosey	60.000,00 €
Piñor	Rally Mix 2021	12.000,00 €
Porqueira	Gastos de mantemento residencia de maiores 2020	30.000,00 €
Punxín	Servizo de conciliación familiar - Aulas de espera	7.110,00 €
Riós	Centro de desenvolvemento Agroforestal de Rios - gastos de funcionamento	50.000,00 €
San Amaro	Proxecto e dirección técnica para adecuación do campo de fútbol de Salamonde	15.000,00 €
San Cristovo de Cea	Plan de melloras na dixitalización do concello	20.000,00 €
San Xoán do Río	Traballos de rozado e posta en valor da pena dos Castros (Mourúas)	10.188,20 €
Trasmiras	Axente de emprego e desenvolvemento local	25.000,00 €
Vilamartín de Valdeorras	Actos homenaxe Florencio Delgado Gurriarán	20.000,00 €
Xunqueira de Espadanedo	Museo da Alfarería - Gastos funcionamento 2021	30.000,00 €
<b>TOTAL 450.12/462.00</b>		<b>589.365,99 €</b>

**Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación Provincial. A Concellos Subv. convenios”**

<b>Beneficiario</b>	<b>Finalidade</b>	<b>Importe</b>
A Arnoia	Urbanización rúa O Pazo	45.500,00 €
A Arnoia	Alumeado público - Mellora de eficiencia enerxética en Quinteiros, Chaos e Laixa	39.800,00 €
A Arnoia	Plan parcial de uso industrial. Parque empresarial de Arnoia	48.000,00 €
A Bola	Mantemento e mellora de camiños	48.000,00 €
A Bola	Ruta inclusiva Vereá-Vella	48.000,00 €
A Bola	Mellora depuración fosa séptica Podentes	48.000,00 €
A Bola	Aportación convenio instalacións pistas deportivas	6.000,00 €
A Gudiña	Cofinanciamento Plan HURBE " Humanización e mellora de espazo público en Tameirón"	43.057,08 €
A Gudiña	Cofinanciamento proxectos outras administracións	35.000,00 €
A Merca	Asfaltado en varios núcleos do concello	34.478,21 €
A Merca	Mellora sistemas de control e dosificación no abastecemento	30.267,31 €
A Mezquita	Viveiro de planta de Castiñeiro	10.000,00 €
A Mezquita	Actuación arqueolóxica no Castelo pequeno en Santigoso	18.077,70 €
A Peroxa	Equipamento vivendas sociais	24.000,00 €
A Peroxa	Tobogáns piscinas	15.000,00 €
A Peroxa	Alumeado parroquias	48.000,00 €
A Peroxa	Humanización rúas	41.000,00 €
A Rúa	Ensanche e adecuación de aliñacións en tramo rúa Pireira	48.000,00 €
A Rúa	Reparación acceso a Barranco Rubio	48.000,00 €
A Rúa	Rúa Coballo 1ª fase	125.000,00 €
A Teixeira	Acondicionamento de camiños	48.000,00 €
A Teixeira	Adquisición maquinaria municipal	25.000,00 €

A Teixeira	Aparcamento Autocaravanas	48.000,00 €
A Teixeira	Depósito na Veiga das Cruces	58.000,00 €
A Veiga	Centro Residencial- segunda fase	160.000,00 €
A Veiga	Proxecto piloto de intelixencia artificial para detección incendios. Feira de promoción de ganado.	40.000,00 €
Allariz	Cofinanciamento Proxecto IDAE	73.000,00 €
Avión	Residencia Alvetus	200.000,00 €
Avión	Estrada Vilar-Barroso	48.000,00 €
Avión	Cofinanciamento proxecto augas de Galicia	10.000,00 €
Avión	Cofinanciamento proxecto de turismo	12.217,12 €
Avión	Pago arranxo obra de emerxencia "estrada Pardelapa-Mangueiro"	46.765,36 €
Baltar	Teito e reparacións do edificio municipal	48.000,00 €
Baltar	Abastecemento e saneamento	48.000,00 €
Bande	Reparación en vías municipais	48.000,00 €
Bande	Execución, dirección, coordinación e saúde da obra na estrada OU-540	127.085,98 €
Barbadás	Asfaltado Avda. De Celanova	200.000,00 €
Beariz	Parque empresarial Levozán- Adquisición terreo e instalación	30.000,00 €
Carballeda de Avia	Adquisición vehículo municipal	50.000,00 €
Carballeda de Valdeorras	Instalación e colocación de vidreiras na igrexa parroquial de Sobradelo	10.127,70 €
Carballiño	Campo Espiñedo	186.622,63 €
Cartelle	Sede Social Fundación Carlos Velo	100.000,00 €
Castrelo do Miño	Mellora vías municipais	48.000,00 €
Castrelo de Miño	Adquisición nave para uso municipal	48.000,00 €
Castrelo do Val	Construción nave maquinaria municipal	48.000,00 €
Castro Caldelas	Arranxos pavillón	

		15.000,00 €
Celanova	Saneamento en Mandrás	120.000,00 €
Cenlle	Confinanciamento para a humanización da Praza de Laias	48.000,00 €
Cenlle	Parque e Alameda en A Barca	31.750,40 €
Chandrexa de Queixa	Sinalización de estradas	8.753,44 €
Chandrexa de Queixa	Acondicionamento do acceso ao depósito regulador de Celeiros	47.994,50 €
Chandrexa de Queixa	Mellora do acceso a Ventosa	48.000,00 €
Chandrexa de Queixa	Consolidación do acceso a Vozqueimado	47.894,00 €
Chandrexa de Queixa	Pavimentación do núcleo rural de San Fiz	47.987,00 €
Coles	Melloras na hípica municipal	48.000,00 €
Coles	Campo de fútbol	100.000,00 €
Cortegada	Rehabilitación edificio Polivalente	48.000,00 €
Cortegada	Area de Autocaravanas	48.000,00 €
Cortegada	Alumeado exterior no Polígono Industrial	82.000,00 €
Cortegada	Gradas campo de fútbol	18.000,00 €
Cualedro	Cofinanciamento de obras para paliar danos das riadas de xullo 2019 en base á resolución 25 de maio de 2020 da Secretaría de Estado de Política Territorial e Función Pública	49.928,52 €
Cualedro	Traballos de conservación do Bic Castro de Saceda	75.000,00 €
Entidade Local Menor de Berán	Posta a punto do balneario novo	220.000,00 €
Esgos	Nova biblioteca municipal e aula de infantil	48.000,00 €
Esgos	Acondicionamento de instalacións deportivas	30.000,00 €
Esgos	Novas captacións de auga en Gomariz e Campinas	48.000,00 €
Esgos	Pavimentación Melón Alto, Baixo e outros	16.200,00 €
Esgos	Asfaltado Casanova-Fondo de Vila	36.900,00 €
Gomesende	Beirarrúas en Gomesende- Acceso centro de saúde	48.000,00 €

Larouco		Acceso a Saedur pola nacional 120	48.000,00 €
Larouco		Cofinanciamento IDAE2021	27.184,97 €
Larouco		Cofinanciamento coa Xunta de Galicia reforma e ampliación de velorio	4.357,59 €
Larouco		Cofinanciamento proxecto Xunta de Galicia "mantemento e mellora de acceso a fincas no alto do Barreiro en Freixido"	4.565,40 €
Laza		Ampliación Praza do forno da Picota	48.000,00 €
Laza		Praza do Outeiro e subida da Picota	48.000,00 €
Leiro		Humanización da rúa Casanova	92.655,48 €
Lobeira		Tratamento e abastecemento de augas veciñais	9.000,00 €
Lobeira		Mellora da capa de rodadura en Vilariño de San Xes e accesos a Fradalvite e Santa Cruz	48.000,00 €
Lobeira		Acondicionamento de rúas en Parada do Monte e Vilariño de Santa Cristina	48.000,00 €
Lobios		Mellora de accesibilidade á Residencia Terceira Idade	48.000,00 €
Lobios		Local social Esperanzo	40.000,00 €
Manzaneda		Cofinanciamento proxectos IDAE	57.900,00 €
Montederramo		Adquisición de maquinaria municipal	12.500,00 €
Montederramo		Humanización de rúas en Montederramo	48.000,00 €
Montederramo		Pavimentación de camiños municipais nos núcleos de Sas do Monte, Folgoso e Currás	38.826,40 €
Monterrei		Cofinanciamento para o castelo de Monterrei	40.000,00 €
Monterrei		Infraestruturas deportivas	30.000,00 €
Monterrei		Actuacións urxentes no balneario de Requeixo	47.949,99 €
Monterrei		Cofinanciamento de obras para paliar danos das riadas de xullo 2019 en base á resolución 25 de maio de 2020 da Secretaría de Estado de Política Territorial e Función Pública	83.766,13 €
Muiños		Mellorado acceso Prado-Reparade estrada Lobios fase II	148.700,00 €
Nogueira Ramuín	de	Actuacións en diversos puntos do concello	40.000,00 €
Nogueira Ramuín	de	Área de descanso da ruta Maquino Largaño	37.867,36 €

O Barco de Valdeorras	Arranxos Campo de Fútbol	115.000,00 €
O Bolo	1ª fase de acondicionamento do CEIP para sala de exposicións. Pasarela	48.000,00 €
O Bolo	Rexeneración do pavimento da estrada de Cambela	48.000,00 €
O Irixo	Mellora de firme na estrada de Barro- Bugalleira	20.000,00 €
O Irixo	Remodelación praza do concello	48.000,00 €
Oímbra	Pluviais, saneamento e beirarrúas na entrada a San Cibrao	48.000,00 €
Oímbra	Abastecemento de Panteiros	48.000,00 €
Oímbra	Abastecemento Cantarrá	48.000,00 €
Oímbra	Cofinanciamento HURBE San Cibrao	14.871,93 €
Paderne de Allariz	Construción 1ª fase do Velorio municipal	48.000,00 €
Paderne de Allariz	Remate vestiarios campo de fútbol	48.000,00 €
Paderne de Allariz	Alumeado centro de saúde e gardería municipal	30.000,00 €
Paderne de Allariz	Adquisición brazo rozadora	18.100,00 €
Padrenda	Adquisición maquinaria municipal	18.000,00 €
Padrenda	Limpeza e acondicionamento de pistas municipais	19.000,00 €
Padrenda	Saneamento Ferreiros - Os Campos (Lavandeira)	48.000,00 €
Padrenda	Acondicionamento do entorno do campo da Festa en Monterredondo	48.000,00 €
Padrenda	Mellora do Complexo deportivo da Bandexa	48.000,00 €
Parada do Sil	Fábrica da luz	12.000,00 €
Parada do Sil	Rehabilitación de vivenda pública en Fon De Vila	60.000,00 €
Pereiro de Aguiar	Confinanciamento IDAE2021	100.000,00 €
Petín	Peche polideportivo en Petín	48.000,00 €
Piñor	Convenio construción Centro Cultural	100.000,00 €
Pontedeva	Adquisición de nave	70.000,00 €
Pontedeva	Cofinanciamento de obras con outras	

	administracións	60.000,00 €
Porqueira	Cofinanciamento IDAE	17.058,19 €
Porqueira	Reparación de maquinaria municipal	30.000,00 €
Punxín	Reforma abastecemento municipal	18.500,00 €
Punxín	Reparación de firme en vías municipais	47.970,00 €
Punxín	Biondas en estradas municipais	48.000,00 €
Quintela de Leirado	Humanización e melloras bioclimáticas en rúas de San Pedro de Leirado. Obras e proxecto	150.000,00 €
Quintela de Leirado	Musealización do edificio multiusos	47.553,00 €
Rairiz de Veiga	Beirarrúas na Sainza	45.927,84 €
Rairiz de Veiga	Segunda fase nave municipal	46.000,00 €
Rairiz de Veiga	Beirarrúas en Sabariz	30.000,00 €
Rairiz de Veiga	Depósitos de auga en Zapeaus e Celme	40.000,00 €
Rairiz de Veiga	Reparación de maquinaria municipal	30.000,00 €
Ramirás	Arranxo tellado antiga escola Freás de Eiras	48.000,00 €
Rios	Obras de reposición de tubaxe de pluviais na canle do regato Porto do Espiño-Veiga de Seixo	40.934,72 €
Riós	Arranxo piscina	15.946,89 €
Rios	Acondicionamento Praza pública de Progo	32.797,07 €
Riós	Arranxo na Veiga do Seixo	10.000,00 €
San Amaro	Adecuación de espazos en Anllo Pequeno	48.000,00 €
San Cristovo de Cea	Depósito de auga, sistema de protección destinado á loita contra incendios no Polígono de San Cristovo de Cea	45,886,14 €
San Cristovo de Cea	Tratamento paisaxístico e axardinamento do espazo municipal de fomento do emprendemento do polígono industrial	48.000,00 €
San Cristovo de Cea	Pavimentación beirarrúas Polígono San Cristovo de Cea	47.795,33 €
San Cristovo de Cea	Reparación y mellora da depuradora de augas pluviais do núcleo de Cea	25.000,00 €
San Xoán do Río	Pista Polideportiva en San Xoán do Río	44.592,27 €

San Xoán do Río	Execución de mellora do entorno da Fonte no Castiñeiro	18.175,37 €
San Xoán do Río	Mellora do firme da rede viaria	48.000,00 €
San Xoán do Río	Potabilización de auga en varios núcleos 2020	29.589,34 €
Sarreaus	Arranxo piscinas	48.000,00 €
Sarreus	Asfaltado vías municipais en Cortegada, Melias, Codosedo, Pazos, Paradiña, Pedroso, Sarreaus e Sas	80.000,00 €
Taboadela	Adquisición casa reitoral	40.000,00 €
Toén	Cofinanciamento proxecto IDAE	50.000,00 €
Toén	Centro de interpretación Rio Miño-Adquisición inmovible	55.000,00 €
Trasmiras	Arranxo Casa de Cultura para albergar a biblioteca de Isaac Alonso Estraviz	20.000,00 €
Trasmiras	Mellora de viarios municipais	48.000,00 €
Verea	Reparación de pistas e rúas no concello	96.309,94 €
Viana do Bolo	Mellora de vías municipais	48.000,00 €
Vilamarín	Mellora de rodadura pista Portamieiro a Rozadas	48.000,00 €
Vilamarín	Confinaciamento proxectos mellora lumínica	70.000,00 €
Vilamartín de Valdeorras	Rúa en Cernego	48.000,00 €
Vilamartín de Valdeorras	Escultura no pobo de Arnado "As Lavandeiras" do escultor Dobao	18.000,00 €
Vilar de Barrio	Posta en Valor da Serra de San Mamede	48.000,00 €
Vilar de Barrio	Sinalización das rutas de sendeirismo, Pozo da Moura e Cabo de Arnoia e rehabilitación de zonas degradadas da Serra de San Mamede	12.454,67 €
Vilardevós	Rehabilitación piscinas municipais	110.000,00 €
Vilardevós	Pista polideportiva en Berrande	48.300,00 €
Vilardevós	Depósito regulador en tras igrexa	26.500,00 €
Vilardevós	Deposito de auga en Veiga das Meás	20.000,00 €
Xinzo de Limia	Senda peonil na Moreira	150.000,00 €
Xunqueira de	Rehabilitación antiga casa cuartel	

Ambía		150.000,00 €
Xunqueira de Espadanedo	Danos riadas, emerxencia	25.000,00 €
Xunqueira de Espadanedo	Mellora da rede de abastecemento do depósito de Freca	32.747,00 €
<b>TOTAL 450.12/762.01</b>		<b>8.505.689,97 €</b>

**Con cargo á aplicación orzamentaria : 414.11/762.00 “Medio Rural. A Concellos**

<b>BENEFICIARIO</b>	<b>FINALIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
Concello de A Teixeira	Convenio coa Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) Compra maquinaria = 450.000,00 €	50.000,00 €
Concello de Avión	Convenio coa Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) Compra maquinaria = 450.000,00 €	50.000,00 €
Concello de Boborás	Convenio coa Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) Compra maquinaria = 450.000,00 €	50.000,00 €
Concello de Esgos	Convenio coa Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) Compra maquinaria = 450.000,00 €	50.000,00 €
Concello de Lobeira	Convenio coa Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) Compra maquinaria = 450.000,00 €	50.000,00 €
Concello de Oímbra	Convenio coa Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) Compra maquinaria = 450.000,00 €	50.000,00 €
Concello de San Xoan de Río	Convenio coa Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) Compra maquinaria = 450.000,00 €	50.000,00 €
Concello de Trasmiras	Convenio coa Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) Compra maquinaria = 450.000,00 €	50.000,00 €
Concello de Viana do Bolo	Convenio coa Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) Compra maquinaria = 450.000,00 €	50.000,00 €
<b>TOTAL 414.11/762.00</b>		<b>450.000,00 €</b>

**Con cargo á aplicación orzamentaria : 414.11/462.00 “Medio Rural. A Concellos”**

<b>BENEFICIARIO</b>	<b>FINALIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
---------------------	-------------------	----------------

Concello de Cartelle	Plan de cooperación provincial para redacción dos Plans municipais de emerxencia por seca año 2020-2021	5.250,00 €
Concello de Castrelo de Miño	Plan de cooperación provincial para redacción dos Plans municipais de emerxencia por seca año 2020-2021	5.250,00 €
Concello de Cortegada	Plan de cooperación provincial para redacción dos Plans municipais de emerxencia por seca año 2020-2021	5.250,00 €
Concello de Gome sende	Plan de cooperación provincial para redacción dos Plans municipais de emerxencia por seca año 2020-2021	5.250,00 €
Concello de Larouco	Plan de cooperación provincial para redacción dos Plans municipais de emerxencia por seca año 2020-2021	5.250,00 €
Concello de Nogueira Ramuín	Plan de cooperación provincial para redacción dos Plans municipais de emerxencia por seca año 2020-2021	5.250,00 €
Concello de Parada de Sil	Plan de cooperación provincial para redacción dos Plans municipais de emerxencia por seca año 2020-2021	5.250,00 €
Concello de Piñor	Plan de cooperación provincial para redacción dos Plans municipais de emerxencia por seca año 2020-2021	5.250,00 €
Concello de Pontede va	Plan de cooperación provincial para redacción dos Plans municipais de emerxencia por seca año 2020-2021	5.250,00 €
Concello de Toen	Plan de cooperación provincial para redacción dos Plans municipais de emerxencia por seca año 2020-2021	5.250,00 €
Concello de Cartelle	Plan de cooperación provincial para redacción dos Plans municipais de emerxencia por seca año 2020-2021	5.250,00 €
<b>TOTAL 414.11/462.00</b>		<b>52.500,00 €</b>

**Con cargo á aplicación orzamentaria : 450.12/463.00 “Cooperación Provincial. A Mancomunidades”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Mancomunidad Comarca do Carballiño	Gastos de funcionamento ano 2020	50.000,00 €
Mancomunidad Terra de Celanova	Gastos de funcionamento 2021	20.000,00 €
Mancomunidad voluntaria de concellos da Comarca de Ourense	Gastos de funcionamento 2020-2021	80.000,00 €

Mancomunidade voluntaria de concellos da Comarca de Ourense	Traballos medioambientais	15.000,00 €
Mancomunidade do Ribeiro Intermunicipal voluntaria	Gastos de funcionamento 2021	50.000,00 €
Mancomunidade Turística Terras do Avia	Gastos de funcionamento 2021	15.000,00 €
<b>TOTAL 450.12/463.00</b>		<b>230.000,00 €</b>

**Con cargo á aplicación orzamentaria : 450.12/763.00 “ Cooperación Provincial. A Mancomunidades”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Mancomunidade Conso-Frieiras	Adquisición moto-niveladora	27.000,00 €
Mancomunidade voluntaria de concellos da Comarca de Ourense	Arranxos punto limpo	30.000,00 €
<b>TOTAL 450.12/763.00</b>		<b>57.000,00 €</b>

**Con cargo á aplicación orzamentaria: 336.11/789.01 “Protección e xestión do patrimonio histórico artístico. Diocese de Ourense”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Diocese de Ourense	Limpeza de fachada en Santiago de Vilamarín do concello de Vilamarín	18.590,44 €
<b>TOTAL 336.11/789.01</b>		<b>18.590,44 €</b>

**Con cargo á aplicación orzamentaria: 341.11/482.00 “ Fomento do deporte. Axudas a deportistas”**

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
U.D. Ourense	Gastos de funcionamento 2020 e 2021	30.000,00 €
Ourense C. F.	Gastos de funcionamento 2020 e 2021	

		25.000,00 €
C.D Arenteiro	Gastos de funcionamento 2020 e 2021	15.000,00 €
Cidade das Burgas F.S.	Gastos de funcionamento 2020 e 2021	18.000,00 €
C.D. Barco	Gastos de funcionamento 2020 e 2021	20.000,00 €
Federación Galega de Judo e deportes asociados	Escolas deportivas 2021	3.000,00 €
Asociación Ourenzá de Xadrez	Escolas deportivas 2021	7.000,00 €
Federación Galega de Balonmán	Escolas deportivas 2021	3.000,00 €
Fundación ADO Moure	Actividades ano 2021	6.000,00 €
Federación Galega de Atletismo	Actividades en pista cuberta ano 2021	6.000,00 €
<b>TOTAL 341.11/482.00</b>		<b>133.000,00 €</b>

**Con cargo á aplicación orzamentaria: 231.11/489.00 “Acción social. Outras transferencias”**

<b>BENEFICIARIO</b>	<b>FINALIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
Adegal ( Asociación empresarios gandeiros e agricultores da Limia)	Gastos de Funcionamento 2021-20 e proxectos	40.000,00 €
Asociación autismo Ourense	Programa de atención infantil	20.000,00 €
Fundación de discapacitados psíquicos de Celanova	Gastos funcionamento 2021	40.000,00 €
<b>TOTAL 231.11/489.00</b>		<b>100.000,00 €</b>

**Con cargo á aplicación orzamentaria: 231.11/789.00 “Acción social. Outras transferencias”**

<b>BENEFICIARIO</b>	<b>FINALIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
---------------------	-------------------	----------------

AECC-Ourense	Acondicionamento Sede Provincial	80.000,00 €
21	Pontevedra	Subsede	Estrada, A	6.465,51
21	Pontevedra	Subsede	Lalín	3.879,31
22	Pontevedra	Sede	Guarda, A	7.758,62
23	Pontevedra	Sede	Mancomunidade Val	7.758,62
24	Pontevedra	Sede	Valga	7.758,62
25	Por definir	Sede	Por definir	7.758,62
26	Por definir	Sede	Por definir	7.758,62
27	Por definir	Sede	Por definir	7.758,62

## 2021

Núm.	PROVINCIA	Tipo	Sede/Subsede	CMRural (Eader)
1	A Coruña	Sede	Brión	7.258,06
2	A Coruña	Sede	Curtis	7.258,06
3	A Coruña	Sede	Mugardos	7.258,06
4	A Coruña	Sede	Muros	7.258,06
5	A Coruña	Sede	Ortigueira	7.258,06
6	A Coruña	Sede	Padrón	7.258,06
7	A Coruña	Sede	Ponteceso	7.258,06
8	Lugo	Sede	Becerreá	7.258,06
9	Lugo	Sede	Cervo	7.258,06
10	Lugo	Subsede	Folgoso do Courel	3.629,04
10	Lugo	Subsede	Quiroga	3.629,04
11	Lugo	Sede	Baleira	7.258,06
12	Lugo	Sede	Friol	7.258,06
13	Lugo	Sede	Monterroso	7.258,06
14	Lugo	Sede	Pontenova, A	7.258,06
15	Ourense	Subsede	Avión	5.443,56
15	Ourense	Subsede	Ribadavia	6.048,40
16	Ourense	Sede	Barco de Valdeorras, O	7.258,06
17	Ourense	Sede	Castro Caldelas	7.258,06
18	Ourense	Subsede	Gudiña, A	7.258,06
18	Ourense	Subsede	Laza	3.629,04
19	Ourense	Subsede	Muíños	5.443,56
19	Ourense	Subsede	Lobios	6.048,40
20	Ourense	Sede	Pereiro de Aguiar, O	7.258,06
21	Pontevedr	Subsede	Estrada, A	6.048,40
21	Pontevedr	Subsede	Lalín	3.629,04
22	Pontevedr	Sede	Guarda, A	7.258,06
23	Pontevedr	Sede	Mancomunidade Val	7.258,06
24	Pontevedr	Sede	Moraña	7.258,06
25	Pontevedr	Sede	Cañiza, A	7.258,06
26	Pontevedr	Subsede	Redondela	3.629,04
26	Pontevedr	Subsede	Mos	3.629,04
27	Pontevedr	Sede	Lama, A	7.258,06
28	Ourense	Sede	Maceda	7.258,06
29	Ourense	Sede	Veiga, A	7.258,06

As actuacións de prevención mediante rozas da táboa establecen que os traballos manuais realízanse en pendentes inferiores ao 50% ou pendentes iguais ou superiores ao 50%. Tamén se establece que os traballos mecanizados realízanse en zonas de pendente escasa ou nula (pdte.< 10%). A discriminación de traballos mecanizados dos manuais debe realizarse do seguinte xeito:

Traballos a realizar de forma mecanizada: roza en superficies con pendentes inferiores ao 10% ou roza da faixa auxiliar en ambas marxes de vías, mediante pase de rozadora de brazo hidráulico axustada a tractor. Inclúirase nesta actuación o desbroce de noiros e/ou da plataforma cando sexa necesario, contabilizando a súa superficie.

Traballos a realizar de forma manual: en pendentes iguais ou superiores ao 10%. Tamén se poderán admitir de xeito excepcional superficies con pendentes inferiores ao 10% sempre que pola súa reducida superficie ou entidade sexa máis económico a súa realización de forma manual.

Oitava. Modifícase o anexo VIII, que queda redactado como segue:

#### **ANEXO VIII MEDIOS PERSOAIS.**

Os concellos sede serán os encargados da selección do persoal. No caso que fora necesario seleccionar novos efectivos, o procedemento de selección realízase a través do sistema de concurso- oposición respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade así coma a normativa de selección dos empregados públicos.

A subscripción do convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia o concello asumirá a posición de empresario ou contratante de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

Para participar nos procesos selectivos os aspirantes deberán contar con carné de conducir tipo C, sen prexuízo dos demais requisitos mínimos que sexan esixidos consonte a normativa de aplicación .

A capacitación acreditarase coa formación impartida pola Academia Galega de Seguridade ou outros organismos públicos.

A experiencia acreditarase a través de certificacións emitidas polos organismos correspondentes aos que pertenceran os servizos nos que estiveran inscritos e desenvolvendo as súas actividades.

## FASE DE CONCURSO

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 10 (sobre un total de 30 puntos da puntuación total do procedemento, ou proporción que resulte equivalente). O tribunal valorará os méritos alegados e xustificados documentalmente polos aspirantes conforme o seguinte baremo:

1. *Méritos Profesionais.*

a) *Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais nos últimos catro anos à 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.*

b) *Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público→0,10 puntos, ata un máximo de 2,5 puntos.*

c) *Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas nos últimos catro anos en postos de traballo semellantes aos que se convocan →0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 0,5 puntos.*

*A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados.*

2. *Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública):*

— *Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.*

- *Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.*
- *Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.*
- *Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.*

*Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.*

*No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.*

*Aos efectos da súa valoración os títulos ou documentación acreditativa deberán indicar o contido dos cursos, seminarios, congresos, xornadas*

*A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:*

*A experiencia profesional como persoal dos GES, protección civil ou en praza ou posto de igual contido no ámbito da administración Pública xustificárase: Presentando certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:*

—*Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.*

—*Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración. Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.*

*Para acreditar os méritos sinalados nos puntos 2 e 3 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.*

*Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva de aprobados. Estes puntos non poderán ser*

aplicados para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima a outorgar nos anteriores apartados, será a seguinte:

— Méritos profesionais: Máximo 6,00 puntos.

— Cursos e Seminarios, etc.: Máximo 2,00 puntos

3. *Titulacións oficiais en materia de emerxencias e protección civil*

*Por estar en posesión do Título de Técnico en emerxencias e protección civil, ou do Técnico Superior en Coordinación de Emerxencias e Protección Civil: 2,00 puntos*

**TEMARIO MÍNIMO DA FASE DE OPOSICIÓN**

1. *Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia.  
Capítulos IV a VI do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.*
2. *Planificación en protección civil: Plans de emerxencia municipal.*
3. *Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios*
4. *Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.*
5. *Accidentes de tráfico e excarceración.*
6. *Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas*
7. *Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias.*
8. *Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia)*

*Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). A participación neste curso poderá excepcionarse no caso de que o candidato conte co ciclo de formación de grado medio de técnico en emerxencias e protección civil ou certificado de profesionalidade de extinción de incendios e salvamento.*

*O curso selectivo responde ao seguinte modelo:*

## DATOS XERAIS DO CURSO

1. *Familia Profesional: Seguridade e Medio Ambiente. Área Profesional: Protección Civil*

2. *Denominación do curso: INTERVENCIÓN EN EMERXENCIA*

3. *Código:*

4. *Tipo de curso: ESPECÍFICO*

5. *Obxectivo xeral: Formación do persoal dos grupos de emerxencia supramunicipal para o exercicio da súa actividade laboral de intervención en incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, situacións derivadas de riscos naturais e calquera outra tarefa en materia de protección civil e emerxencias.*

6. *Requisitos do profesorado:*

6.1. *Nivel académico: titulación universitaria, (Preferentemente...) na súa falta, capacitación profesional equivalente na ocupación relacionado co curso.*

6.2. *Experiencia profesional: Deberá ter 2 anos de experiencia na ocupación.*

6.3. *Nivel pedagóxico: Formación metodolóxica, ou ben experiencia docente.*

7. *Requisitos de acceso do alumno:*

7.1. *Nivel académico ou de coñecementos xerais:*

\* *Estar en posesión de polo menos o título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou titulación equivalente.*

*Estar en posesión do carné de conducir da clase C*

7.2. *Nivel profesional ou técnico:*

*Non se require*

7.3. *Condicións físicas:*

*Condições físicas: carencia de afeccións, integridade física, resistencia física, forza, destreza manual, coordinación visión motora, rapidez de reflexos. “Aquelas que non impidan o normal desenvolvemento da profesión”.*

8. *Número de alumnos: 12 alumnos por edición, sen prexuízo de que por razóns operativas poida superarse este número ao realizar conxuntamente a formación de varios GES.*

9. *Relación secuencial de módulos formativos:*

- *INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS (28 horas)*
- *INCENDIOS FORESTAIS (14 horas)*
- *ACCIDENTES DE TRÁFICO (21 horas)*
- *PRIMEIROS AUXILIOS (7 horas)*

10. *Duración:*

<i>Prácticas.....</i>	<i>50</i>	<i>horas</i>	<i>Contidos</i>
<i>teóricos.....</i>	<i>20</i>	<i>horas</i>	
<i>Total.....</i>	<i>70</i>	<i>horas</i>	

*Dúas semanas en sesións de 7 horas/diarias de luns a venres.*

11. *Equipo, material.*

- *Equipo e maquinaria:*
- *Dotación completa de medios de protección contra incendios de tipo manual (extintores, mangueras, batelumes, antorchas de goteo)*
- *Paneis sinópticos explicativos do funcionamento do sistema de detección de incendios, alarma e extinción automática*
- *Radio transmisores*
- *Equipo de primeiros auxilios*
- *Equipo portátil de bombeo*
- *Grupos electrógenos*
- *Autobombas urbana e forestal*
- *Equipo de corte en frío (cizallas, radiais, etc.*

11.2. *Material de consumo:*

- *Folios*
- *Cadernos*
- *Bolígrafos*
- *Lapis*

11.3 *Material didáctico.*

*Manual básico do curso*

*Caderniño de ponencias*

11.4 *Elementos de protección. No desenvolvemento das prácticas utilizaranse os medios necesarios de seguridade e saúde laboral e observaranse as normas legais ao respecto.*

*DATOS ESPECÍFICOS do CURSO*

*Denominación do módulo nº 1: INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS*

*Obxectivo do módulo:*

- *IDENTIFICAR os tipos de combustión*
- *COÑECER os equipos de protección individual*
- *IDENTIFICAR tipos axentes extintores*
- *IDENTIFICAR tipos de instalacións de auga*
- *IDENTIFICAR tipos de bombas*
- *COÑECER a condución de vehículos de emerxencias e o seu posicionamento*
- *COÑECER os distintos tipos de bombas, o seu funcionamento, o seu uso e necesidades de mantementos.*
  - *COÑECER os procedementos de actuación en incendios urbanos e industriais*

*Duración do módulo: 28 horas*

*Contidos formativos do módulo*

A) *Prácticas*

- *Prácticas de tendidos de mangueras.*

- *Prácticas de mantemento de bombas e impulsión*
- *Prácticas de condución e de posicionamento de vehículos*
- *Prácticas de desprazamento en lugares de visibilidade reducida.*
- *Prácticas de extinción de vehículos. Prácticas de actuación en materias perigosas.*
- *Prácticas de extinción de incendios de gases.*

*B) Contidos teóricos*

- *Tipos de combustión.*
- *Equipos de protección individual. O traxe de intervención. El ERA: partes, uso e mantemento.*
- *Axentes extintores: espumas, extintores portátiles, auga.*
- *Instalacións de auga: manguoiras, hidrantes, columnas secas y BIE.*
- *Traxes de aproximación e de penetración ao lume. Traxes NBQ.*
- *Bombas, bombas de achique y turbobombas. Uso e mantemento.*
- *Intervención con risco eléctrico.*
- *A química do lume.*
- *Axentes extintores.*
- *Localización do foco.*
- *Orientación, busca e rescate.*
- *Equipos de respiración asistida*
- *Entradas forzosas.*
- *Risco químico. Identificación de mercancías perigosas.*

*Denominación do módulo nº 2: INCENDIOS FORESTAIS Obxectivo do*

*módulo:*

- *IDENTIFICAR os factores que afectan ao comportamento dun lume forestal*
- *COÑECER os métodos e medios de prevención e extinción de incendios forestais*
- *COÑECER os procedementos de actuación en incendios forestais*

- *COÑECER as normas de seguridade na prevención e extinción de incendios forestais*

*Duración do módulo: 14 horas.*

*Contidos formativos do módulo*

*A) Prácticas*

- *Prácticas de identificación das partes dun lume forestal*
- *Prácticas de extinción mediante ataque directo con ferramentas manuais*
- *Prácticas de extinción mediante ataque directo con liña de auga*
- *Prácticas de extinción mediante ataque indirecto: a queima do ensanche e o contralume*

*B) Contidos teóricos*

- *A prevención de incendios forestais: actuación sobre os combustibles forestais*
- *A detección de incendios forestais: o proceso de comunicación*
- *Medios para a extinción de incendios forestais*
- *Métodos de extinción de incendios forestais*
- *Organización do combate: etapas, primeiro ataque e ataque ampliado.*
- *Situacións de perigo e normas de seguridade*

*Denominación do módulo nº 3: ACCIDENTES DE TRÁFICO*

*Obxectivo do módulo:*

- *COÑECER os procedementos de intervención en accidentes de tráfico*

*Duración do módulo: 21 horas.*

*Contidos formativos do módulo*

*A) Prácticas*

- *Prácticas vehículos*
- *Desencarceración, excarceracións e simulacións*

B) *Contidos teóricos*

- *Introdución aos accidentes de tráfico.*
- *Coordinación en accidentes de tráfico.*
- *Seguridade pasiva.*
- *Estabilización de vehículos.*
- *Seguridade persoal en accidentes de tráfico*
- *Sistemática de intervención en accidentes de tráfico prácticas con vehículos.*

*Denominación do módulo nº 4: PRIMEIROS AUXILIOS*

*Obxectivos do módulo:*

- *COÑECER procedementos a seguir en primeiros auxilios*
- *IDENTIFICAR tipos de queimaduras*
- *IDENTIFICAR tipos de traumatismos*
- *IDENTIFICAR outros tipos de lesións e feridas*
- *Duración do módulo: 7 horas*
- *Contidos formativos do módulo*

A) *Prácticas*

- *Reanimación: tipos*
- *Rescates con feridas*
- *Rescates de interior de vehículos*
- *Desencarcelación, excarceracións e simulacións*

B) *Contidos teóricos*

- *Queimaduras*
- *Alteracións eléctricas*
- *Afogamentos*

- *Traumatismos craneoencefálicos, médulas, torácico-abdominais*
- *Reanimación cardiopulmonar*
- *Feridas e hemorraxias*
- *Luxacións e contusións*
- *Torceduras*

- *Pautas de actuación en accidentes de tráfico*
- *Equipos de corte y separación*
- *Equipos hidráulicos*
- *Excarceracións*

Novena. Modifícase o anexo XI, que queda redactado como segue:

### ANEXO XI – DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO

2019-2020

DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO								
Gastos	DDPP	Concellos	Subtotal EELL	Medio Rural (en materia de extinción)	DXEI	DXAL	Subtotal Xunta	TOTAL
Gastos de persoal SSMM	200.000,00	37.500,00	237.500,00		262.500,00		262.500,00	500.000,00
Gastos correntes en bens	48.000,00	9.000,00	57.000,00			63.000,00	63.000,00	120.000,00
Gastos de persoal GES	2.900.000,00	543.750,00	3.443.750,00	3.581.250,00			3.581.250,00	7.025.000,00
Gastos correntes en bens	324.000,00	60.750,00	384.750,00			425.250,00	425.250,00	810.000,00
<b>TOTAIS</b>	<b>3.472.000,00</b>	<b>651.000,00</b>	<b>4.123.000,00</b>	<b>3.581.250,00</b>	<b>262.500,00</b>	<b>488.250,00</b>	<b>4.332.000,00</b>	<b>8.455.000,00</b>

2021

DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO								
Gastos	DDPP	Concellos	Subtotal EELL	Medio Rural (en materia de extinción)	DXEI	DXAL	Subtotal Xunta	TOTAL
Gastos de persoal SSMM	200.000,0	37.500,0	237.500,0		262.500,0		262.500,0	500.000,0
Gastos correntes en bens	48.000,0	9.000,00	57.000,0			63.000,0	63.000,00	120.000,0
Gastos de persoal GES	3.100.000,0	581.250,0	3.681.250,0	3.843.750,0			3.843.750,0	7.525.000,0
Gastos correntes en bens	348.000,0	65.250,0	413.250,0			456.750,0	456.750,0	870.000,0
<b>Totais</b>	<b>3.696.000,0</b>	<b>693.000,0</b>	<b>4.389.000,0</b>	<b>3.843.750,0</b>	<b>262.500,0</b>	<b>519.750,0</b>	<b>4.626.000,0</b>	<b>9.015.000,0</b>

En todo o non modificado expresamente por esta addenda, seguirá sendo de aplicación o disposto no convenio.

As partes asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan nesta addenda sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

2º.- Remitirlles certificación do presente acordo á Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia 1ª da Xunta de Galicia e á FEGAMP, para os efectos oportunos.

**5º.- ESTABLECEMENTO DUN NOVO PRAZO DE DEZ (10) DÍAS HÁBILES PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN S DE LIMPEZA DAS MARXES DAS REDES VIARIAS MUNICIPAL E PROVINCIAL NO EXERCICIO 2021**

O Sr. presidente anuncia que os puntos 5º, 6º e 7º, tal e como se tratou na Xunta de Portavoces, debateranse conxuntamente, e que se votarán por separado.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Toma a palabra para sinalar o seu voto favorable xa que se trata de solucionar un problema e que a ampliación de prazo non prexudica a ningún outro concello.
- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable, xa que non tería sentido que eses fondos non se empregasen e revertesen de novo na Deputación Provincial, todo isto sen prexuízo da coñecida postura do seu grupo de mudar o fondo deste asunto.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Reflexiona sobre o refrán de que “cando se é tolerante con inxustos, estase sendo cruel cos xustos”, e que se senta un mal precedente para o futuro. Entende que neste sentido lle é difícil votar a favor, razón pola que anuncia a abstención do seu grupo.

- 1ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Comeza indicando que non se van opoñer a esta prórroga, máis cando non existe concorrencia competitiva e figuran como beneficiarios todos os concellos. Engade que cando se trate de “despistes” de concellos gobernados polos Partido Socialista, espera a mesma resposta do grupo de goberno e que o que é a todas luces insuficiente é a contía dos tres programas obxecto de ampliación de prazo, lembrando que o Grupo Popular ven de votar en contra dunha moción do Grupo Socialista para ampliar o programa de empregabilidade, e que a contía non pode ser a mesma para todos os concellos, con características moi diferentes.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Sinala que é de xustiza conceder esta prórroga, e máis nas circunstancias actuais de pandemia. Sobre as contías indica que son as que figuran no orzamento, lembrado todas as axudas que se van aprobar para diferentes ámbitos e concellos ao longo deste pleno.

- 2ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Matiza que lle custou seguir a intervención do Grupo Popular pola mala calidade do son, e que en todo caso lle lembra que hai concellos como Verín, que á parte destes programas de cooperación, non reciben nin un euro da Deputación Provincial, polo que non se pode falar nunca de reparto xusto e equitativo.

- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): Sinala que a deputada do Grupo Socialista entendeu mal a súa explicación, e que só entende o que quere entender.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e da deputada non adscrita (1), e a abstención de DO (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Establecer un novo prazo de dez (10) días hábiles para a presentación de solicitudes de adhesión ao Programa provincial de cooperación cos concellos e mancomunidades para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial no

exercicio 2021, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación do anuncio do presente acordo no BOP.

2º.- Publicar o presente anuncio no BOP, para os efectos indicados.

**6º.- ESTABLECEMENTO DUN NOVO PRAZO DE DEZ (10) DÍAS HÁBILES PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADHESIÓN AO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS EN MATERIA DE EMPREGABILIDADE PARA O EJERCICIO 2021.**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 5º e 7º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención de DO (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Establecer un novo prazo de dez (10) días hábiles para a presentación de solicitudes de adhesión ao Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de empregabilidade para o exercicio 2021, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación do anuncio do presente acordo no BOP.

2º.- Publicar o presente anuncio no BOP, para os efectos indicados.

**7º.- ESTABLECEMENTO DUN NOVO PRAZO DE DEZ (10) DÍAS HÁBILES PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADHESIÓN AO PROGRAMA PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS EN MATERIA DE MOCIDADE PARA O EJERCICIO 2021.**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 5º e 7º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención de DO (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Establecer un novo prazo de dez (10) días hábiles para a presentación de solicitudes de adhesión ao Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de mocidade para o exercicio 2021, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación do anuncio do presente acordo no BOP.

2º.- Publicar o presente anuncio no BOP, para os efectos indicados.

**8º.- PROPOSTA DE ACORDO POLA QUE SE AUTORIZA A PARTICIPACIÓN, COMO SOCIO DE PLENO DEREITO, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE NA ASOCIACIÓN “URBS REGIA” E NO PROXECTO DE ITINERARIO CULTURAL DO CONSELLO DE EUROPA “ORÍGENES DE EUROPA”**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Sinala que todo o que poidamos expandir a nosa historia e a nosa cultura benvido é, polo que votará a favor desta proposta.
- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que esta entidade aínda non ten unha gran capacidade de adhesión, xa que consta unicamente coa Deputación de Toledo, que o custo económico é mínimo, e que van votar a favor desta proposta, agardando que no futuro teña máis adhesións e un maior peso.
- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comparte o dato de que a achega económica é moi asumible, e desexa que esta incipiente asociación teña un bo desenvolvemento no futuro, indicando que votarán a favor da proposta.
- 1ª intervención Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que comparten todo o que sexa apoiar a nosa historia e a nosa cultura, se ben indican que van votar abstención neste punto, preguntando se esta asociación non irá ter unha subvención nominativa desta Deputación no futuro.
- 1ª intervención César Fernández (grupo do PP): Comeza agradecendo o apoio amosado polos diferentes grupos, e que esta asociación e esta iniciativa conta co apoio do propio Ministerio de Cultura e Deporte, polo que non entende a intervención do Grupo Socialista. En todo caso o goberno provincial entende que a participación é moi positiva para a posta en valor do noso patrimonio cultural.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Manifestar a súa conformidade cos fins e obxectivos da Asociación URBS REGIA e o seu proxecto de Itinerario Cultural Europeo “ORÍGENES DE EUROPA”.

**Segundo.-** Autorizar a participación da Deputación Provincial de Ourense na Asociación URBS REGIA, organización que xestiona o proxecto de Itinerario Cultural Europeo “ORÍGENES DE EUROPA”.

**Terceiro.-** Solicitar á Asociación URBS REGIA a incorporación da Deputación Provincial de Ourense como socio de pleno, aceptando tanto os dereitos como as obrigacións que a asociación posúe para todas as súas entidades asociadas.

**Cuarto.-** Facultar á Presidencia ou deputado/a en quen delegue, para representar e actuar en nome da Deputación Provincial de Ourense nas actividades e órganos de decisión da Asociación URBS REGIA, así como para realizar cantos actos e trámites fosen necesarios para a efectividade da participación da Deputación Provincial de Ourense na citada asociación.

**Quinto.-** Aboar a cota de socio correspondente.

## **9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A POSICIÓN EN CONTRA DA REFORMA DA LEI DE SAÚDE DE GALICIA.**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención dando lectura á exposición de motivos desta moción do Grupo Socialista. Así sinala cal é a evolución da normativa do sistema sanitario público do Estado, e como a pandemia lle está a afectar ao noso sistema, para o que se tivo que decretar o estado de alarma, criticado e discutido por moitos partidos. Neste contexto o PP de Galicia pretende agora reformular a Lei da saúde Galicia, con medidas legais de calado, que implican a aplicación dun estado de alarma permanente en Galicia, con claros visos de inconstitucionalidade, e que permite adoptar entre outras medidas, restricións sen autoridade xudicial e a obrigatoriedade da vacinación. Engade que nesta situación, a utilización dos medos e dos temores para legislar, non é aceptable, e máis para adoptar medidas autoritarias e contrarias aos dereitos fundamentais. As propostas de acordo da moción son as de instar ao goberno da Xunta de

Galicia a iniciar unha reforma da Lei de saúde de Galicia en consenso con todas as forzas políticas con representación parlamentaria, axentes sociais, sociedades científicas, representantes das administracións locais e do ámbito xurídico galego. Esta reforma estará orientada a mellorar, de ser necesario, aspectos que poidan contribuír a optimizar o sistema legal de protección da saúde pública, pero sen implantar medidas restritivas de liberdades e dereitos fundamentais e baseándose en valoracións sanitarias nos aspectos que sexa preciso.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Indica que lle sorprende que o Partido Socialista fale de medidas de carácter autoritario, cando o goberno social comunista de Madrid aproveitou a situación de pandemia para limitar os nosos dereitos fundamentais, e que vivimos nun estado de alarma permanente decretado polo goberno de Madrid. Sobre a medida concreta que aparece na moción relativa ao peche de negocios, lembra como ela mesma como alcaldesa recomendaba o peche e o confinamento domiciliario para loitar contra a Covid-19. Sinala que vai votar en contra desta moción, que é populista e que nada ten que ver coa realidade.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sobre esta moción do Grupo Socialista, manifesta que o posicionamento do BNG vai ser favorable. Engade que a tramitación da modificación da Lei de saúde de Galicia se realizou sen diálogo e con opacidade, e sen apenas difusión pública. Esta lei pretende limitar dereitos fundamentais dos galegos e galegas, e que incumpre os principios constitucionais, e que non pretende mellorar a saúde ou o sistema sanitario, facendo especial fincapé neste punto que considera moi revelador. Trátase dunha lei punitiva que trata ao pobo galego como sospeitoso permanente, e pretende facerlle fronte a unha crise sanitaria con medidas de orde pública. Lembra que o BNG presentou unha serie de emendas a esta proposta no Parlamento de Galicia e que non foron atendidas, e que nos atopamos cun sistema sanitario ao que se recorta constantemente, sen medios axeitados e con precariedade laboral. Engade que as medidas lexislativas deben ir cara ao reforzo e mellora do sistema sanitario público, e sobre isto non hai nin unha medida na modificación pretendida polo goberno galego. Por todo o indicado manifesta o voto a favor desta moción do grupo do BNG.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que se trata dunha cuestión xurídica moi complexa, con conflitos de dereitos fundamentais, e que a situación de pandemia obrigou a adoptar certas medidas moi complexas. O TC, como xa se dixo, pode anular algunhas das

medidas xa adoptadas por diferentes gobernos, e parece que a proposta do goberno galego precisa dun debate xurídico profundo e de calado, polo risco que existe cara o totalitarismo. Polas razóns indicadas manifesta que o seu grupo votará a favor da moción do Grupo Socialista.

- 1ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Comeza sinalando que esta proposta de reforma da Lei de saúde Galicia foi aprobada no Parlamento de Galicia hai xa moitas semanas, e que esta moción en todo caso é extemporánea. Lembra que estamos inmersos nunha pandemia e un estado de alarma que esixe adoptar medidas e dotar de garantías ao sistema. Engade que a Lei de saúde actual, que data de 2008, non contempla para a realidade actual de pandemia, polo que é preciso a súa reforma para adaptala á nova realidade. O mesmo sucede coa lexislación de saúde estatal, e unha mostra e como as diferentes AAPP tiveron que ir improvisando segundo avanzaba a pandemia, lembrando como o presidente da Xunta de Galicia leva reclamando dende o inicio da pandemia un marco legal do Estado, modificando a Lei orgánica, para poder xestionar axeitadamente esta crise. Insiste en que o goberno central non adoptou ningunha medida para solucionar esta problemática, que non lexislou para adaptarse ás novas necesidades. Sinala que a proposta do goberno galego é proporcionada e adaptada á realidade da pandemia, de establecer medidas con límite temporal e con audiencia, e que por todo isto van rexeitar a moción proposta polo Grupo Socialista.

- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que efectivamente ela como alcaldesa fixo “recomendacións”, pero que “ordenar” é outra cousa ben distinta. A maior parte da comunidade científica considera que non é obrigatorio obrigar a vacinarse para loitar contra a pandemia, e que a reforma do goberno galego impón a vacinación obrigatoria, o que vai en contra da autonomía do paciente. Engade que as pandemias se combaten con recursos materiais e humanos, e con investigación, non con multas e sancións. Manifesta que o Grupo Socialista está en contra das medidas sancionadoras e restritivas que propón o goberno galego, e que o propio Partido Popular sabe do difícil encaixe constitucional que van ter as medidas aprobadas, que recortan liberdades e dereitos fundamentais, e que pretender incluír a normativa do estado de alarma pero con carácter permanente para todos os galegos e galegas, lembrando que os dereitos fundamentais só poden ser limitados por lei orgánica aprobada polo Parlamento do Estado. Por último lembra como a propia Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia informou de xeito desfavorable a reforma proposta polo goberno galego.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Reitera a súa postura novamente, así como a necesidade de dotar ás AAPP dun marco legal axeitado para loitar contra a pandemia, e que esta proposta xa foi debatida dabondo no parlamento de Galicia. Como mostra de totalitarismo sinala ao Partido Socialista de Ourense e ao goberno de Pedro Sánchez durante esta pandemia, e que este debate carece de sentido, e que o único que se busca polo grupo proponente é populismo.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Insiste en que o posicionamento do BNG xa é moi coñecido, avanzando que moitas das medidas previstas van caer directamente co informe do Consejo de Estado a esta reforma. Engade que non é de recibo que nunha reforma á lei de saúde só se fagan reformas de carácter punitivo, sen ter en conta a mellora real do sistema sanitario público, que debe ser o verdadeiro obxecto das reformas que se acometan.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Insiste en que as mocións deste tipo efectivamente deben ser debatidas no Parlamento do Estado e da Comunidade Autónoma, se ben unha vez que está formulada, os grupos deben posicionarse. Insiste na problemática xurídica desta reforma, polo que apoiarán esta moción para que esta sexa retirada.

- 2ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): Comeza sinalando a necesidade de dotar ás AAPP de marco xurídico para adoptar medidas, e lembra como a actual Lei de saúde tamén contén un procedemento sancionador con multas de elevada contía. Así mesmo indica a necesidade de que sexa o goberno central o que dote de marco xurídico a todas as CCAA, e ante a súa inoperancia, e cando as CCAA, responsablemente, adoptan as súas medidas. Sobre as vacinas, sinala que a modificación proposta só regula como se podería proceder cando unha vacina sexa declarada obrigatoria, pero en ningún caso obriga a vacinar a ninguén. Remata que por todo o exposto, o Grupo Popular votará en contra desta moción.

- quenda de peche Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que debater de saúde non é populismo, senón todo o contrario, e que este asunto debera estar na axenda política de todos os gobernantes no contexto actual. Insiste en que legislar nun momento de pandemia en contra dos dereitos e liberdades fundamentais é unha temeridade, e en que os gobernos deben estar para loitar contra a pandemia pero sen totalitarismo. Sobre a vacinación, sinala que é máis efectiva a concienciación que a sanción. Por todo o anterior, lamenta que non se vai aprobar esta moción, que só pretende que se retire unha lei que seguramente vai ser tachada de inconstitucional.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), de DO (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e da deputada non adscrita (1).

### **10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA INCLUIR ÁS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA NA ESTRATEXIA DA DEPUTACIÓN SOBRE FONDOS EUROPEOS “NEXT GENERATION”**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza rogándolle á Presidencia que se adopten medidas, xa que está asistindo á sesión desde o Pazo Provincial e a cobertura é moi deficiente e está tendo dificultades para seguir a sesión. Entrando xa na moción do Grupo Socialista, sinala que esta unicamente pretende que se faga unha axeitada xestión dos fondos Next GenerationEU. Engade que esta Deputación, vai xa con retraso neste asunto, indicando que por exemplo a Deputación de Pontevedra xa reuniu a todos os alcaldes e alcaldesas para tentar facer un proxecto estratéxico e con criterios de transparencia e participación. Mentres na Deputación de Ourense, non se lles da nin voz aos grupos políticos agás ao grupo de goberno, e todo é capitaneado polo deputado Jorge Pumar, responsable da perda do único proxecto EDUSI dunha cidade de Galicia e que non acadou subvención. Lamenta que non se fagan cambios para esta importante xestión e que se insista neste mesmo modelo. Como contraposición, sinala como a FEMP está actuando baixo criterios de participación, cooperación e transparencia. Por estas razóns pretenden con esta moción instar á Deputación Provincial de Ourense á creación dun grupo de traballo, á maior brevidade posible, do que formen parte os alcaldes, alcaldesas ou representantes designados por todos os municipios da provincia e pola Entidade Local Menor de Berán, co fin de establecer un sistema para trasladar iniciativas e proxectos susceptibles de ser financiadas con fondos do instrumento temporal de recuperación da Unión Europea Next GenerationEU.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Sinala nesta intervención que a exposición de motivos xa comeza mentindo, xa que ela nin forma parte do grupo de goberno nin é

tránsfuga. Seguidamente lee as palabras do senador do Grupo Socialista Javier Martín, que dixo literalmente que os concellos non teñen recursos intelectuais para xestionar os fondos Next GenerationEU, polo que di que non entende o cambio de discurso, un aquí e outro alá. Seguidamente dá lectura a uns parágrafos da Guía do propio goberno de Madrid para a xestión destes fondos, e que nada ten que ver coas propostas e co contido da moción do Grupo Provincial Socialista.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Sinala que nesta moción o grupo do BNG vai optar pola abstención. Lembra que o Estado, a día de hoxe, non aclarou como vai ser o reparto destes fondos nin en que medida se lles van trasladar ás EELL. Todo, polo de agora, semella bastante opaco, máis alá que as manifestacións de interese, que non tiñan ningún mecanismo concreto de participación. Neste sentido sinala que o famoso Plan E foi máis obxectivo e participativo, e entende que os concellos deberan percibir unha dotación económica para investir nunha serie de liñas de actuación que encaixen nas dos Fondos Next GenerationEU, ou nas que marque o goberno central ou autonómico. Respecto á proposta do grupo de traballo que figura na moción, entende que sería complexa de materializar, e que é difícil darlles papel ás EELL, cando se descoñece cal vai ser a súa intervención no reparto e xestión dos fondos. Por último pídelles á Presidencia provincial que se adopte unha estratexia conxunta cos concellos para a xestión deses fondos e que se garanta un reparto obxectivo de fondos cos concellos, se procedese.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza compartindo as dúbidas manifestadas polo grupo do BNG respecto do grupo de traballo proposto na moción pola súa composición, todo isto sen prexuízo de que a voz de todos os alcaldes e alcaldesas debe ser escoitada. Insiste tamén en que non se sabe como vai ser a xestión e o reparto dos fondos, se ben manifesta que van apoiar a moción proposta polo Grupo Socialista, a pesar das dificultades indicadas.

- 1ª intervención Jorge Pumar (grupo do PP): Comeza a súa intervención sinalando que estamos falando dunha cuestión que está no aire, e que a realidade é que o goberno central vai ter en torno a 70.000,00 millóns de euros para repartir entre as CCAA e EELL, e non existe apenas información e só opacidade. A continuación indica que esta Deputación xa empezou no mes de outubro de 2020 a traballar nunha estratexia para a captación destes fondos, e lembra como no pleno do estado da provincia, ao que non asistiu o Grupo Socialista, xa se aprobou unha iniciativa da Presidencia para preparar a participación desta institución

provincial. Seguidamente indica que, segundo a normativa comunitaria, quen ten que repartir os fondos, informar, ser transparente e dar participación é o Estado, e está a facer todo o contrario. Seguidamente indica que ás EELL o único que lles pediu foron manifestacións de interese, que se trata de documentos técnicos, e que a Deputación de Ourense evidentemente xa presentou as súas. Pide que o goberno socialista facilite información, e lembra que o Consejo de Estado informou que se trata dun sistema opaco e arbitrario, e que Europa ven de recomendar que se lle dea participación ao resto de entidades territoriais na xestión dos fondos.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando a modo de exemplo que o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 xa publicou un documento coas políticas panca, eixos e directrices da súa actuación, incluso con reparto previsto xa para as CCAA, baseándose en criterios obxectivos, polo que é falso que exista opacidade na xestión destes fondos. Pola contra, sinala que a arbitrariedade e a opacidade están nesta Deputación, como quedou amosado na modificación do orzamento que se abordou neste mesmo pleno. Engade que é falso que non exista información, senón que o que hai que facer é buscar fontes de información e traballar pola provincia, e non vir aquí vender fume.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para indicar que é falso que exista unha estratexia do Goberno Central e que ela xa se imaxina como vai ser o reparto que se vai facer destes fondos, e sen ningún tipo de participación das EELL. Así avanza que a maior parte a levaran os socios de goberno, multinacionais de dubidosa reputación, chiringuitos varios, negocios do señor Ábalos, e o resto para as CCAA segundo lle interese electoralmente ao Partido Socialista.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Nesta quenda insiste en que lle gustaría que de arriba cara a abaixo se lle indicaran claramente os obxectivos, e que se ben é certo que parece que hai cantidades si comprometidas, pero a maior parte non, e en particular na nosa Comunidade Autónoma. Insiste en que debe chegarse a ese acordo, que unha vez que saibamos como se van repartir e xestionar os fondos, se lle toca repartir á Deputación, se marquen criterios obxectivos dentro das liñas estratéxicas dos fondos para a participación de todos os concellos da provincia. Por último tamén sinala a importancia de que os fondos veñan por adiantado, para que non existan problemas de tesourería nos concellos, e máis cando tanto Estado como Xunta teñen sinxelo reintegrarse estes fondos en caso de incumprimentos a través dos respectivos fondos das EELL.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Volve manifestar o voto favorable do seu grupo, se ben manifesta o seu escepticismo, e comparte que é complicado levar á práctica o que se pide na moción, en particular no relativo ao grupo de traballo. Tamén comparte a necesidade de que os fondos se trasladen ás EELL por adiantado e que en todo caso, polas intencións da moción, as cales comparten, apoiarán esta proposta.
- 2ª intervención Jorge Pumar (grupo do PP): Insiste novamente en reclamar transparencia na xestión destes fondos e dá lectura a unha noticia que recolle que a Comisión Europea amosa a súa preocupación pola falta de transparencia e de diálogo no descentralizado Estado Español, o que vai dificultar un uso eficaz dos fondos, polo que se insta ao Goberno a repartir de maneira transparente os fondos coas CCAA e con participación das EELL. Seguidamente, e a modo de exemplo de xestión, cita algúns dos proxectos europeos que actualmente está xestionando a Deputación de Ourense nas súas diferentes áreas e organismos. Remata pedindo información ao Goberno socialista do Estado e dicindo que pola Deputación de Ourense non vai ser.
- quenda de peche Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención citando como exemplo de ineptitude na xestión a da Deputación de Ourense, que nun ano de pandemia acada un remanente de corenta e catro millóns de euros, dos cales reparte a metade nunha modificación orzamentaria vergoñenta e a dedo. Sinala que afortunadamente non vai ser esta administración a que teña que xestionar os fondos europeos, porque senón xa se sabería a que concellos irían os fondos. Remata dicindo que vai ser moi complexo xestionar estes fondos, e que as CCAA van ter que facer un papel moi importante tamén na xestión, e que en todo caso se debe traballar de abaixo a arriba.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9) e de DO (2), o voto en contra do Grupo Popular (12) e da deputada non adscrita, e a abstención do BNG (1).

## **11º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA INSTAR AO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE A AXENDA URBANA A URXENTE REPARACIÓN**

## **DO TÚNEL DO FOLGOSO DA AUTOVÍA A-52 (SENTIDO OURENSE) E A SÚA MÁIS INMEDIATA REAPERTURA AO TRÁFICO**

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha emenda de engádega e cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Comeza amosando a problemática dos usuarios que fan o traxecto a Vigo, incluso diariamente, cando levamos xa dous meses co tráfico cortado, e parece que isto vai para largo. Na actualidade o corte en sentido Ourense, obriga a facer un traxecto de 23 km que leva uns 25 minutos, o que se agrava cando o estado desta estrada nacional é deplorable. Ademais non se trata de perda de tempo ou falta de seguridade, senón de como todo isto afecta á economía e á competitividade das empresas, aos traballadores, ou aos traslados sanitarios.

As propostas contidas na moción, xa presentadas no Parlamento de Galicia e do Estado, son as de instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a adoptar cantas medidas e recursos sexan necesarios para axilizar as obras de reparación do túnel do Folgoso da autovía A-52, sentido Ourense, facilitando así o máis inmediato restablecemento do tráfico para paliar o impacto económico e social que o peche deste paso está a provocar no sur de Galicia, solicitar do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana unha detallada explicación dos procedementos e prazos que manexa este departamento para o remate das obras de reparación do túnel, e, admitindo a emenda de engádega do grupo do BNG, instar ao goberno central a mellora integral das estradas N-120 e N-559, con especial atención á seguridade viaria nos treitos que corresponden aos concellos do Covelo e da Cañiza.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza indicando que non se debe debater moito, xa que parece unha moción moi clara e evidente, polo que debера ser obxecto dun acordo unánime de todos os grupos.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Indica que o seu grupo vai votar a favor, e que a emenda engádega dos seu grupo é a de instar ao goberno central a mellora integral das estradas N-120 e N-559, con especial atención á seguridade viaria nos treitos que corresponden aos concellos do Covelo e da Cañiza. Para rematar deixa como reflexión que pasaría se o túnel pechado fora o do Guadarrama ou de Despeñaperros, indicando que os

dereitos dos veciños e veciñas de Ourense e Pontevedra son os mesmos que os do resto de España.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza sinalando que, polo visto, o túnel está pechado, e non se ve actividade laboral, e iso si que non é tolerable. A cidade e a provincia de Ourense, volven ser historicamente as “cenicientas”, e temos que ser reivindicativos cunha infraestrutura tan básica. Remata indicando que van apoiar a moción co seu voto a favor.

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Comeza sinalando que comparten a preocupación que se manifesta na moción, e que así llo fixeron saber ao Ministerio de Fomento a través dos deputados socialistas e da Delegación do Goberno, e que a resposta que se lles deu é que o RD 635/2206 e demais normativa de seguridade non permiten establecer un túnel bidireccional nesa lonxitude, xa que se incumpriría unha directiva comunitaria, pese a que estudou esta posibilidade. Engade que en todo caso apoiarán a moción e a emenda, para que axilicen as obras de apertura do túnel, sen prexuízo de que lembra que se trata dunha incidencia puntual e non se deben mesturar con infraestruturas máis antigas.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Moi brevemente, sinala que o que está a pedir e que se restableza canto antes a circulación nese treito da autovía, cos recursos e quendas de traballo que sexan necesarios, e que as comunicacións da veciñanza do sur de Galicia sexa a que merecemos. Por último lembra que o Ministerio debería ter previsto un protocolo para casos similares, porque unha situación como a que provocou o peche da circulación pode volver darse.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Agradece a todos os grupos, en particular ao proponente, que se acolla a emenda de engádegas do seu grupo, e que en todo caso se trata dunha reivindicación xusta e necesaria e que en Madrid deben poñerse mans á obra e solucionar de xeito urxente esta problemática.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Sinala que as infraestruturas viarias son fundamentais para o desenvolvemento de todo tipo, polo que esta situación non pode manterse máis no tempo e debe dársele solución inmediata, como se faría se isto sucedese noutro lugar de España.

- 2ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): Manifesta que pode entender toda a argumentación exposta, pero que non fai falta enmarañar o asunto, e debe instarse ao goberno do Estado a que solucione este problema. Sobre a execución das obras sinala que é unha

falacia que non se estea a traballar, polo que pide que non se minta sobre este asunto. Ademais lembra que é un deputado popular o que leva presidindo a comisión de transportes durante moitos anos, e que parece que só alza a voz cando hai gobernos socialistas.

- quenda de peche Plácido Álvarez (grupo do PP): Agradece o voto favorable de todos os grupos, indicando que a moción pretende que o túnel se abra canto antes, e non en maio ou xuño, como anuncia o Ministerio.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción coa emenda de engádegas do BNG incluída, e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a adoptar cantas medidas e recursos sexan necesarios para axilizar as obras de reparación do túnel do Folgoso da autovía A-52, sentido Ourense, facilitando así o máis inmediato restablecemento do tráfico para paliar o impacto económico e social que o peche deste paso está a provocar no sur de Galicia.

2º.- Solicitar do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana unha detallada explicación dos procedementos e prazos que manexa este departamento para o remate das obras de reparación do túnel.

3º.- Instar ao goberno central a mellora integral das estradas N-120 e N-559, con especial atención á seguridade viaria nos treitos que corresponden aos concellos do Covelo e A Cañiza.

## **12º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á LOITA CONTRA AS ESPECIES INVASORAS**

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha emenda transaccional e cédella a palabra a DO para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza sinalando que se trata de abordar unha problemática biolóxica, desde o punto de vista das competencias da Deputación Provincial. As propostas da moción son as de realizar unha análise da presenza de especies

invasoras no seu territorio, campañas de sensibilización pública (que podería ser asumida por cada concello, adaptándose ás súas circunstancias concretas, ou coordinada pola mesma Deputación para casos xerais) para minimizar os efectos que a xardinería, a afección a mascotas, á acuarioloxía, etcétera, puidera ter en relación co problema, asesoramento técnico sobre posibles medidas de erradicación en cada caso concreto, medios (mecánicos, biolóxicos, químicos ...) para a erradicación de especies invasoras en espazos públicos, subvencións destinadas á erradicación en parcelas privadas por medios axeitados, medidas de análise de riscos e de detección precoz de posibles especies que poidan supoñer un problema no futuro, cambio no xeito de traballo de calquera labor público de creación ou mantemento de infraestruturas que poida favorecer a expansión desas especies. En todos os puntos, desde logo contando en todo momento co asesoramento de biólogos, axentes forestais, técnicos de medio ambiente, comunicadores, etcétera, necesario para o labor.

Sobre a emenda transaccional do grupo do BNG, entende que esta engade unha serie de precisións, pero que dilúen o contido da propia moción, polo que en principio non a van apoiar, invitando a este grupo a que a retire e que presente as súas propostas nunha moción propia e alternativa a esta.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Toma a palabra para manifestar, respecto á moción, que a vai apoiar, xa que se trata dun tema importante e delicado, e trata de deixarlles un mundo mellor aos nosos fillos do que nos atopamos.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza sinalando que non vai facer defensa da emenda transaccional, e que se o grupo proponente entende que non procede o que corresponde e desistir da emenda presentada. Engade que coa súa emenda pretendía acoutar a contía que se lles dedicaría aos concellos, os medios da Deputación, e trasladar o cambio de modelo de traballar á propia Deputación e instar a outras administracións, especialmente á autonómica, que teñen técnicos para unha mellor xestión destas actuacións. Remata indicando que apoiarán a moción presentada polo grupo de DO co seu voto favorable.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Intervén para sinalar que considera acertada a moción, se ben lembra que esta problemática debería abordarse mellor desde unha óptica autonómica que provincial. Seguidamente lembra como o abandono de políticas de prevención desde a administración autonómica está a agravar esta problemática, tendo que ser os concellos os que asumiran o papel referente neste eido. A continuación indica que o voto do seu grupo será a abstención, e que debe ser a Xunta de Galicia a que

exerza a súa competencia. Igualmente lembra que o abandono do rural está a acelerar aínda máis este proceso e proliferación destas especies invasoras, sen que se lle poña freo. Como exemplos da mala xestión sinala como se continúa a empregar a “plumeira” como medianeira nas estradas, ou como a Deputación lidera o ráning de utilización do glifosato.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Toma a palabra para sinalar que efectivamente estamos ante unha problemática, pero o feito de que a Deputación non conte cun plan específico, isto non supón que non se conte con medidas en áreas como a de infraestruturas, medio ambiente ou o parque móbil. Seguidamente lembra unha serie de zonas verdes e recreativas que están a ser xestionadas e conservadas pola propia Deputación, e que no mantemento e conservación da rede de estradas se realizan tarefas de eliminación da acacia, pondo a disposición dos concellos unha máquina trituradora para esta tarefa. Sobre a moción, manifesta que a apoiarán para que así a Deputación incida nas accións previstas nela.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza lembrando como unha moción idéntica foi rexeitada no mandato pasado, agradecendo o cambio de actitude do grupo provincial e o voto favorable do grupo do BNG e da deputada non adscrita, lamentando que o Grupo Socialista se absteña. Por último agarda que os fondos europeos axuden a financiar as accións previstas na moción e poder loitar contra a proliferación das especies invasoras.

- 2ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): Simplemente intervéen para aclarar que os concellos non deben ser os que executen labores que son competencia da Xunta de Galicia, pero iso non significa que non estean a favor da súa erradicación.

- quenda de peche Armando Ojea (grupo de DO): Agradece o apoio e que a moción poida saír adiante.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións, e unha vez retirada a emenda transaccional do BNG, sométese a votación a moción orixinal, e co voto favorable do Grupo Popular (12), de DO (2), do BNG (1) e da deputada non adscrita (1), e a abstención do Grupo Socialista (9), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha axuda económica aos concellos destinada a:

1.- Análise da presenza de especies invasoras no seu territorio.

- 2.- Campaña de sensibilización pública (que podería ser asumida por cada concello, adaptándose ás súas circunstancias concretas, ou coordinada pola mesma Deputación para casos xerais) para minimizar os efectos que a xardinería, a afección a mascotas, á acuarioloxía, etcétera, puidera ter en relación co problema.
- 3.- Asesoramento técnico sobre posibles medidas de erradicación en cada caso concreto.
- 4.- Medios (mecánicos, biolóxicos, químicos ...) para a erradicación de especies invasoras en espazos públicos.
- 5.- Subvencións destinadas á erradicación en parcelas privadas por medios axeitados.
- 6.- Medidas de análise de riscos e de detección precoz de posibles especies que poidan supoñer un problema no futuro.
- 7.- Cambio no xeito de traballo de calquera labor público de creación ou mantemento de infraestruturas que poida favorecer a expansión desas especies.

En todos os puntos, desde logo contando en todo momento co asesoramento de biólogos, axentes forestais, técnicos de medioambiente, comunicadores, etcétera, necesario para o labor.

### **13º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A EXPANSIÓN DESCONTROLADA DE PARQUES EÓLICOS.**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza dando lectura á exposición da súa iniciativa política. Nela indícase que existe actualmente en Galicia un boom eólico e con abandono de funcións pola Xunta de Galicia, sen retorno socioeconómico e con clara incidencia na paisaxe e no medio ambiente e natural. Ao mesmo tempo desde o goberno central dáse cobertura por primeira vez a proxectos de máis de 50 megawatios e asistimos a unha expansión sen precedentes. Todo isto estase a facer sen planificación de ningún tipo e coa rebaixa de garantías medioambientais por parte da Xunta de Galicia, e sen ter en conta os intereses do país, senón os intereses dos grandes fondos de investimento e de capital foráneo. Engade como os datos de despoboamento seguen a medrar naquelas zonas de maior implantación de proxectos eólicos, como son a Costa da Morte ou a montaña de Lugo.

Engade que actualmente está en trámite de prazo de consultas o proxecto eólico de máis de 150 megawatios de Rebordechao, que afecta aos concellos de Nogueira de Ramuín, Xunqueira de Espadanedo, Montederramo, Maceda, Vilar de Barrio, Laza, Castrelo do Val, Verín, Monterrei e Cualedro. De forma paralela iniciouse este mesmo trámite co proxecto eólico de Barxas, que afecta ás provincias de Ourense e Lugo e O Bierzo, e tamén o parque eólico de Prada, que afecta a distintos concellos da zona de Valdeorras. Engade que os tres proxectos son das mesma empresa, e que se trata dun único proxecto fraccionado en tres, cun gran impacto medioambiental nesas zonas, e carece de estudo socioeconómico. Na zona da serra do Suído sucede o mesmo, e non se ten en conta a prevalencia da protección do medio ambiente. Engade que nesta zona se paralizaron xa varios proxectos eólicos, e algúns volven tramitarse na actualidade. Incide en que o retorno no territorio é mínimo nestes proxectos e dende o BNG, apostando polas enerxías renovables, os beneficios deben repercutir no país, cunha tarifa eléctrica propia e o fomento de sistemas de autoabastecemento e autoconsumo. Sinala que aínda estamos a tempo de frear esta desfeita, contando coa veciñanza e cos concellos, e preservando os valores medioambientais e o retorno socioeconómico.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Comeza sinalando que se trata dunha moción moi traballada, se ben non concorda con moitas das afirmacións que se fan nela. A continuación dá lectura a diversos apartados dun informe de auditoría realizado por unha consultora independente que está dispoñible na internet, bastante recente, e sobre o sector eólico galego, onde se di que este sector vai ligado á loita contra o cambio climático, que axuda a crear emprego e tecido produtivo, que o importe das rendas a propietarios e o pago de impostos e taxas repercuten directamente nos propietarios e nos concellos, así como na administración autonómica, que os reverte nos concellos a través do fondo de compensación ambiental. Remata indicando que se debe valorar con equilibrio e ponderación o impacto de obras deste calado, cos beneficios que supoñen para a veciñanza, e que en todo caso estas enerxías son renovables e limpas. Polo indicado anuncia o voto en contra desta moción.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Comeza anticipando o seu voto a favor desta moción, indicando que non se debe caer no pretexto da creación de emprego, que por si mesma é positiva, pero non xustifica outras afeccións como as medio ambientais. Engade que a moción do BNG lle parece bastante equilibrada e para nada parcial, toma en consideración a realidade actual das cousas, partindo de que a produción de enerxía é necesaria. Por todo o exposto conclúe indicando o voto favorable do seu grupo político.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Sinala que o Consello de Ministros lle remitiu hai un ano á Comisión Europea o Plan Nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030, documento estratéxico para a transición enerxética. Insiste en que a Xunta de Galicia ten que legislar para os galegos e as galegas e non para os grandes fondos de investimento e multinacionais. Sinala que a entrada de Nuñez Feijóo no goberno da Xunta freou a expansión do sector eólico, que estivo paralizado ata 2019. A regulación da Xunta de Galicia contemplaba que os recursos da eólica deberían ser repartidos, pero moitos dos operadores carecían de plan industrial ou non realizaron as achegas comprometidas. Engade que a Administración autonómica non exerceu o seu papel de ente fiscalizador nin de control medio ambiental. Sinala que segundo os datos do Observatorio Eólico de Galicia, a facturación do sector se aproximaba en 2017 aos 700 millóns de euros / ano, con moi pouco retorno en concellos e comunidades de propietarios. Os novos mega parques que se pretenden instalar en Galicia buscan as zonas montañosas do interior, como as da provincia de Ourense, parques que cada vez teñen maior impacto visual e medio ambiental. Indica que nestes momentos de relanzamento do sector é importante non cometer os mesmos erros do pasado, equilibrando negociacións en procesos transparentes, que teñan en conta aos propietarios e aos concellos afectados. Así, reclama un novo marco que contemple as propostas que se recollen na moción, pero que tamén permita establecer tipos de gravames máximos para estas actividades e os seus elementos, intercambio de información cos afectados, implantar algún tipo de canon que reverta nos concellos polos que pasan as liñas de evacuación e soterrar estas en zonas habitadas ou de valor paisaxístico. En resumo, débese avanzar nunha nova gobernanza no relativo ao sector eólico.

- 1ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Comeza sinalando que estamos ante un momento transcendente polo cambio no modelo enerxético, e nel Galicia debe continuar sendo un referente na produción das enerxías renovables. Entende que debe deixarse claro como primeiro punto que os proxectos eólicos só se autorizan se son compatibles co resto de actividades económicas e coa defensa da biodiversidade, e que todos están sometidos á incidencia ambiental, cun procedemento transparente, con información pública e multitude de informes sectoriais e con todas as garantías. A tramitación dun procedemento non presupón a súa aprobación, en que os proxectos eólicos garanten o respecto ao medio ambiente e ao patrimonio. Engade que o plan eólico en vigor está avaliado polos resultados obtidos pola nosa Comunidade Autónoma, e que xera empregos directos e indirectos e que é unha

importante fonte de ingresos para as AAPP e para os propietarios afectados. A avaliación ambiental da nosa Comunidade Autónoma é eminentemente técnica, e recolle a normativa estatal e comunitaria, onde se avalían os posibles efectos sobre o territorio en todos os ámbitos. O INEGA está actuando como un órgano asesor e que recolle toda a información sobre todo este sector. Sobre o canon eólico, lembra que este instrumento leva recadado moito diñeiro e que permite asumir infraestruturas nos concellos afectados. Por todo o indicado sinala que o seu grupo non vai apoiar esta moción, xa que paralizar proxectos de xeito arbitrario sería prevaricar, e eles non o van facer.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Comeza lamentando a postura do Grupo Popular, que non permitirá sacar adiante a presente moción. Sinala que as propostas de acordo que contén a moción son as de instar á Xunta de Galiza a desistir de impulsar cambios legislativos no sector eólico camuflados noutros proxectos de lei e impulsar un novo consenso para substituír a vixente lei de aproveitamento eólico e planificar o desenvolvemento da enerxía eólica da próxima década harmonizando os obxectivos e intereses económicos, enerxéticos, sociais e medioambientais, garantindo a transparencia, a avaliación ambiental por parte das administracións públicas e a limitación dos procesos expropiatorios ao mínimo. Para iso, aprobarase un novo Plan Sectorial Eólico cunha ampla participación dos axentes implicados e que preceptivamente inclúa un informe do Consello Económico e Social e un amplo proceso de exposición pública de cara a reunir o meirande consenso posíbel. Respecto ao punto anterior, no caso da Serra do Suído, petición á Xunta de Galiza da suspensión preventiva de todos os parques eólicos en proxecto ou en tramitación, co obxecto de evitar os graves impactos negativos na contorna e o risco de destrución irreversible de hábitats de interese prioritario da serra do Suído e do Alto Tea. Solicitalle á Xunta de Galicia a apertura dun proceso de información e de participación que permita coñecer os proxectos de industrialización do monte que se están a tramitar e o seu impacto ambiental, social e urbanístico, a declaración da serra do Suído como Lugar de Interese Comunitario (LIC) e integración na Rede Natura 2000, co obxecto de protexer e conservar especies e hábitats de interese comunitario e de interese prioritario, con especial atención a humidais e turbeiras, e ampliación da Rede Natura 2000 Río Tea coa inclusión do Alto Tea (Val de Tielas), a declaración como reservas naturais fluviais das nacentes e das bacías dos ríos Avia, Tea, Oitavén e Verdugo, coa finalidade de garantir as súas funcións de preservación da biodiversidade, de conectores ecolóxicos entre zonas xeográficas e de subministradores de auga potábel e ao inventario e catalogación de todo o patrimonio material e inmaterial do Suído, Alto Tea, Faro de Avión, Costas do Alén e A Paradanta, e desenvolvemento dun plan para a súa

protección, conservación e divulgación. amén se solicita instar á Xunta de Galiza a reforzar o persoal e o papel da administración galega, nomeadamente ao abeiro do INEGA, de cara a promover unha oficina específica para o asesoramento técnico e administrativo necesario e atender as demandas de información pública que puideren existir así como a creación dun rexistro de información pública de contratos con información sobre os prezos pactados nos distintos parques, e a vincular a estratexia eólica ao desenvolvemento económico de Galiza impulsando: a participación pública da Xunta de Galiza, dos concellos galegos e das e dos propietarios das terras dos beneficios do sector de forma que se garanta un meirande control e ao tempo unha fórmula de financiamento de proxectos de desenvolvemento rural e industrial, un modelo de contrato tipo para particulares e comunidades de montes conforme propón o Observatorio Eólico Galego, plans de Desenvolvemento Industrial e Restauración Ambiental nas comarcas onde se localicen os novos parques, fomento de iniciativas como as comunidades enerxéticas, os parques enerxéticos comunitarios e o autoconsumo enerxético, programas de investigación e xeración de valor engadido en colaboración co tecido universitario e centros tecnolóxicos galego. Tamén pide solicita instar á Xunta de Galiza a corrixir as deficiencias do canon eólico e do Fondo de Compensación ambiental, nomeadamente: o canon eólico deberá calcularse en función da potencia instalada, non do número de aeroxeradores, modificar o Fondo de Compensación Ambiental para garantir a transparencia e obxectividade da totalidade do recadado e que unha maior parte da recadación retorne aos concellos onde están instalados os parques en forma de investimentos en infraestruturas, servizos e proxectos ambientais. Instar á Xunta de Galiza a incrementar a vixilancia sobre as garantías medioambientais desenvolvendo figuras de ordenación e protección do territorio, salvagardando espazos de alto interese ambiental: ampliación da Rede Natura (reinicio da ampliación da Rede Natura e paralización de proxectos que afecten tanto á ampliación proposta en 2008 como a iniciada en 2012), Estratexia de Infraestrutura Verde, Áreas de Interese Paisaxístico. Por último, recolle a proposta de instar ao goberno do Estado a corrección da Orde TED/1161/2020, do 4 de decembro, pola que se regula o primeiro mecanismo de poxa para o outorgamento do réxime económico de enerxías renovábeis e se establece o calendario indicativo para o período 2020-2025 de cara a incorporar criterios que non sexan exclusivamente económicos, senón tamén sociais e medioambientais, e incorporar, nesta ou nunha orde específica a acordar nas correspondentes Mesas de Transición, poxas específicas de renovábeis nas zonas afectadas polo peche de centrais térmicas (posibilidade que contempla o marco legal para unha transición xusta ao abeiro do Marco Estratéxico de Enerxía e Clima). Respecto á Deputación Provincial, a moción solicita instar ao goberno provincial a desenvolver

cantas actuacións sexan precisas para a paralización de proxectos contrarios aos intereses ambientais, económicos e sociais de Ourense e a desenvolver cantas actuacións sexan necesarias para favorecer a transparencia, a información e a capacidade de negociación das persoas propietarias e comunidades de montes. E entre outras actuacións: a. Fomentar a figura dos parques eólicos comunitarios, que poidan ser promovidos por comunidades de montes, cooperativas, propietarios e pequenas empresas do rural. A administración deberá reservar unha parte dos novos megawattios para este tipo de parques. b. Fomentar a figura dos parques eólicos municipais (nestes momentos hai 13 parques deste tipo, e hai outros 14 pendentes de execución). Teñen un máximo de 3 MW de potencia e xeran unha media de 36.000 euros por MW/ano. Deberíase incrementar o tope do máximo de 3MW. c. Promover a obriga legal para que propietarios@s de terras próximas a un parque eólico teñan posibilidade de participar no capital das compañías, establecendo unha reserva de cota do 20% (asimilable ao aprobado en Dinamarca en 2016). d. Promover a modificación da normativa eólica no referente aos procesos expropiatorios, garantindo que a expropiación sexa unha opción extraordinaria e non un mecanismo ordinario. e. Promover a mudanza na concepción do Fondo de Compensación Ambiental, para que unha maior parte da recadación retorne aos concellos onde están instalados os parques en forma de investimentos en infraestruturas, servizos e proxectos ambientais.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): Intervén para manifestar que se trata de por na balanza o investimento en enerxía renovable e o seu impacto, concluíndo que sempre que sexa dentro da legalidade e con garantías, se debe fomentar o progreso. Sobre a tramitación ambiental, indica que a da nosa CA é a mesma que no resto do Estado, polo que non entende a intervención do Grupo Socialista. Conclúe reiterando o seu voto en contra.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): Manifesta que as propostas de acordo da moción son moi equilibradas, e que esta situación lle lembra a cando se levan industrias e grandes explotacións a países do terceiro mundo. Conclúe afirmando que se trata dunha moción realista, que tendo en conta os efectos non renuncia á necesaria produción de enerxía eólica, onde Galicia é pioneira e produtora. Por todo o indicado reitera o seu voto a favor da moción.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Toma a palabra para lembrar que o concurso eólico de Galicia non foi anulado pola xustiza, como se dixo pola voceira do Grupo Popular, senón pola propia Xunta, e que o TSXG e o TS ratificaron a ilegalidade desa paralización do goberno de Feijóo. Sobre o canon eólico sinala que o 30 % del vai

directamente aos concellos, pero que o restante vai para a administración autonómica. Ademais indica que se debe falar do tema da fragmentación de proxectos, que se emprega polos promotores para ter unha tramitación máis sinxela pero con moitas consecuencias no seu impacto.

- 2ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): Indica que lle gustaría saber entón cal é o modelo eólico do BNG e do PS de G-PSOE, preguntando se é do bipartito que sufriu a anulación de dous concursos eólicos. Indica que o modelo da Xunta de Galicia avoga polo seu impulso, sempre que sexa respectuoso co resto de actividades socioeconómicas, e que se trate dun desenvolvemento ordenado e garantista. Volve insistir en que este tipo de proxectos non se permiten en terreos de Rede Natura e pide trasladar unha mensaxe de seguridade e confianza de cara á cidadanía, garantindo que os proxectos autorizados son compatibles coa protección e a sostibilidade do medio ambiente. Reitera, por último, o voto en contra do seu grupo.

- quenda de peche Bernardo Varela (grupo do BNG): Insiste en que os datos son os datos, e que este último ano hai dúas sentenzas que desautorizan á Xunta de Galicia, coa anulación de dous proxectos eólicos. A día de hoxe, Galicia duplica o que esixe a UE en enerxía eólica para 2030. Reitera que o BNG non está en contra desta enerxía, pero non pode ser a calquera prezo.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), de DO (2) e do Grupo Socialista (9), e o voto en contra do Grupo Popular (12) e da deputada non adscrita (1).

**14º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**15º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de febreiro de 2021.

Os membros da Corporación quedan informados.

**16º.- ROGOS E PREGUNTAS:** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

- Bernardo Varela (grupo do BNG): Presenta o rogo de que con data 04.01.2021 presentara unha serie de preguntas sobre a adxudicación do contrato de xestión da estación de Manzaneda por MEISA, e que as estas lle foron trasladadas ao consello de administración desta sociedade e a día de hoxe aínda non teñen resposta. Roga que se reitere a petición de informe e se lle dea traslado.

A Presidencia toma nota e indica que nos próximos días se porá a disposición a información requirida.

- Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta polo proxecto para a construción dunha ponte sobre o río Barxas na estrada OU-1006 no Concello de Vilardevós, querendo coñecer a situación actual deste proxecto, que data de 2005.

A Presidencia dá lectura ao informe da directora da Área de Infraestruturas no que se indica que consultada a documentación que consta na área, non consta ningún proxecto promovido pola Deputación para a construción dunha ponte, e que as últimas actuacións son as de acondicionamento integral e mellora da estrada programadas en tres fases.

- Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): Pregunta sobre o acordo adoptado no pleno de xaneiro de 2021 por unanimidade para habilitar prazas de aparcamento libres e gratuítas no aparcamento provincial no CHUOU para persoas con tratamentos de enfermidades crónicas ou de longa duración.

A Presidencia dá lectura ao informe do vicepresidente primeiro da Deputación, onde se indica que se están a facer xestións coas principais asociacións para avaliar as súas necesidades. Desde ALCER trasladouse que son 15 persoas as que acoden tres veces por semana e que para iso xa teñen un convenio coa concesionaria, pagando 9 € ao mes. A AEC está a difundir a proposta entre os seus asociados e actualmente se está contactar con outras asociacións.

- Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): Pide que sexa atendida igualmente a súa petición de información sobre a adxudicación do contrato de xestión de MEISA.

- Montserrat Lama (non adscrita): Presenta tres rogos, en primeiro lugar pide que non se repita o trato que tivo con ela nas comisións informativas unha deputada do Grupo Socialista, da que agardaba unha desculpa no día de hoxe, pola súa falta de respecto. Pide que se activen medidas para que este tipo de situacións non volvan pasar. O rogo número dous é que esta

corporación lle pida desculpas á Ministra de Educación polo seu comportamento recente nun debate no Parlamento sobre a educación especial, e o terceiro rogo é que lle traslade ao Grupo Socialista que non empreguen as RRSS para atacala mediante mentiras e falsidades, indicando que se están a cruzar todos os límites e barreiras, e que será moi difícil volver atrás.

- Rosario Rodríguez (PS de G-PSOE): Manifesta que desde o Grupo Socialista non aceptan leccións de moralidade dunha tráfuga.

- Ignacio Gómez (PS de G-PSOE): Pregunta sobre un muro no pobo de Lebosende que presenta perigo de derrubamento nunha estrada de titularidade provincial no Concello de Leiro, polo que pregunta que medidas se teñen pensado tomar.

A Presidencia contesta que se dará resposta por escrito.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 16º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 16º](#)

### **PEGADA DIXITAL VÍDEO**

Url -

<http://depourense.seneca.tv/s/SL9ZeV05c5inTS0uRPIwDKw54mzvGQlouHVIN9s4Aciobj62.mp4>

SHA512 -

664f58b2123879b440dd55b90b71ac9f56633635e3f8cff5fc009ec12eb8d3531a089ce

**cbc0a7d6433f3af87801de851b630c4da055811e5299c3e3b132436ca**

E, ás 16.55 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

O Secretario Xeral  
Documento asinado electrónicamente  
mediante actuación administrativa  
automatizada.  
23/04/2021